

CUADRANTE



O VALLEINCLANISMO NA CULTURA GALEGA (III)

*DE GREMIO DE MAREANTES A PROLETARIOS DO MAR:
OS MARIÑEIROIS NA GALICIA DE VALLE-INCLÁN*

DE VICETTO A VALLE-INCLÁN

VALLE-INCLÁN E O SINDICALISMO CATÓLICO

*LA DIFÍCIL CONVIVENCIA DEL GENIO LITERARIO:
EL CASO DE BLASCO IBÁÑEZ Y VALLE-INCLÁN*

LAS COMEDIAS BÁRBARAS DE BIGAS LUNA

ENFERMEDAD Y MUERTE DE VALLE-INCLÁN

Nº 11

*Los Amigos
Valle-Inclán*

Vilanova de Arousa



CUADRANTE



Revista cultural da
«Asociación Amigos de Valle-Inclán»

O VALLEINCLANISMO NA CULTURA GALEGA (III)

*DE GREMIO DE MAREANTES A PROLETARIOS DO MAR:
OS MARIÑEIROUS NA GALICIA DE VALLE-INCLÁN*

DE VICETTO A VALLE-INCLÁN

VALLE-INCLÁN E O SINDICALISMO CATÓLICO

*LA DIFÍCIL CONVIVENCIA DEL GENIO LITERARIO:
EL CASO DE BLASCO IBÁÑEZ Y VALLE-INCLÁN*

LAS COMEDIAS BÁRBARAS DE BIGAS LUNA

ENFERMEDAD Y MUERTE DE VALLE-INCLÁN

Amigos
Valle-Inclán.

Vilanova de Arousa

CUADRANTE

PRAZA VELLA, 9
VILANOVA DE AROUSA.
APARTADO DE CORREOS Nº 66
Agosto 2005

Director:

Gonzalo Allegue

Subdirector:

Francisco X. Charlín Pérez

Secretario de redacción:

Víctor Viana

Consello de Redacción:

Xosé Luis Axeitos
Ramón Martínez Paz
Xaquín Núñez Sabarís
Xosé Lois Vila Fariña
Ramón Torrado

Xestión e administración:

Pablo Ventoso Padín
Ángel Varela Señoráns

Ilustracións:

Eugenio de la Iglesia (*Encabezamento de capítulos*)

Deseño e maquetación:

Nieves Loperena

Imprime:

Gráficas Salnés, S.L.

Dep. Legal: PO-4/2000

I.S.S.N.: 1698-3971

SUMARIO:

X. L. Axeitos

O valleinclanismo

na cultura galega (III)..... pax. 5

Francisco X. Charlín Pérez

*De gremio de mareantes a proletarios
do mar: os mariñeiros na Galicia de*

Valle-Inclán..... pax. 10

Xulio Pardo de Neyra

De Vicetto a Valle-Inclán..... pax. 61

Alberto Martínez López

Valle-Inclán e o sindicalismo católico . pax. 67

Antonio Espejo

*La difícil convivencia del genio
literario: el caso de Blasco Ibañez y*

Valle-Inclán..... pax. 82

Lena Pla / Víctor Viana

Las Comedias Bárbaras de

Bigas Luna..... pax. 91

Luis A. Fariña

*Enfermedad y muerte de Valle-Inclán: historia
de un tumor vesical recidivante en el primer*

tercio del siglo XX pax. 101

Cuadrante non manterá correspondencia sobre orixinais recibidos e non solicitados.

A responsabilidade das opinións verquidas pertence exclusivamente ós autores o mesmo que o respecto á propiedade intelectual, recaíndo sobre eles calquera acción xudicial no caso de producirse plaxio.



Cuadrante é membro de ARCE,
(Asociación de Revistas Culturais de España)



DE GREMIO DE MAREANTES PROLETARIOS DO MAR: OS MARIÑEiros NA GALICIA DE VALLE-INCLÁN

Francisco X. Charlín Pérez

DÚAS CONSIDERACIÓNS PREVIAS

AFINIDADES ENTRE *ÁGUILA DE BLASÓN*,
ROMANCE DE LOBOS E *LOS CRUZADOS
DE LA CAUSA*

Valle-Inclán presenta a varios mariñeiros pescadores e ás súas mulleres e fillos no elenco de personaxes de tres das obras que ambientou en Galicia: así, ataviados con «sudeste y traje de aguas», envoltas en «vestidos húmedos, pardos de una tristeza salobre», sempre acompañadas de «algún niño que cobija la madre con el manto» cruzan o escenario de teatro nas dúas primeiras *Comedias Bárbaras* que publica o autor —*Águila de Blasón* (1907) e *Romance de Lobos* (1908)— e acadan fugaz protagonismo narrativo nalgún capítulo da novela *Los Cruzados de la Causa*, primeira da triloxía titulada *La Guerra Carlista*.

Este punto de coincidencia entre ambos dramas e o texto narrativo hai que sumalo a un amplo número de afinidades que, por encima das lóxicas diferencias de xénero, aproxima os tres libros e das que, para unha cabal comprensión do tema que nos ocupa, cómpre destacar as seguintes:

a) En primeiro lugar, que a publicación das tres obras se produce nun período de tempo relativamente breve —o bienio 1907-1908¹— que marca para o autor, o inicio dunha etapa «que la crítica valleinclaniana ha calificado unánimemente de

compromiso con el carlismo, entendido en un sentido amplio que engloba tanto adscripción ideológica como militancia política»² que se extendería ata 1915, no crítico momento da Primeira Guerra Mundial.

b) Cinxíndonos á ficción literaria, comparten asimesmo o tempo de ambientación histórica no último tercio do século XIX —*Los Cruzados de la Causa* dende 1872 ata a primavera de 1873 e *Águila de Blasón* en 1876³— e igual sucede coa ubicación xeográfica, circunscrita ao espacio marítimo da ría que separa Viana del Prior de Flavia Longa. Isto último distancia a estas primeiras *Comedias de Cara de Plata* (1922), desprazada ao escenario de Lantañón, no interior da comarca do Salnés⁴ e á de ambiente galego, *Los Cruzados de la Causa*, das outras novelas do ciclo carlista —*El Resplandor de la Hoguera* e *Gerifaltes de Antaño*— trasladadas á fronte bélica vasco-navarra.

c) As analoxías alcanzan tamén a tema e personaxes: deste modo, parte do protagonismo da acción recae en actantes comúns como, por exemplo, Don Juan Manuel Montenegro, Cara de Plata ou Don

¹ Para Summer M. Greenfiel (1972: 17), con *Romance de Lobos*, publicada en 1908, remata para o teatro valleinclaniano un período «cuyo enfoque principal es Galicia».

² Ver Santos Zas. (1993:153). Ver tamén: (1993:1-24)

³ Ver Santos Zas (1993:154-155 e 276-277).

⁴ Ver: W.J. Smither (1986: 44-51 e 56-58).

Ginero. Os argumentos que desenvolven as tres obras emerxen de igual maneira do mesmo problema histórico, literaturizado dende unha posición tradicionalista: É o caso de *Aguila de Blasón e Romance de Lobos*, onde se representa a desintegración e final disolución da linaxe dos Montenegro, que reflexan⁵ «un momento de cambio social, el paso de la sociedad del Antiguo Régimen a la nueva, burguesa, liberal y capitalista» (...) «la lucha entre un mundo que se resiste a morir —el de los últimos hidalgos supervivientes de la abolición de los señoríos— y el de la burguesía que pugna por nacer» e tamén *Los Cruzados de la Causa*, que reproduce o ambiente periférico da guerra carlista en Galicia, e que é «desde una perspectiva socio-histórica repetición del esquema que Valle-Inclán había ofrecido en sus dos primeras *Comedias Bárbaras*» mais coa diferenza de que nesta última xa se acusa directamente aos causantes da desfeita da sociedade tradicional: o liberalismo no político e o capitalismo no económico.

Polo tanto: estas tres obras, están ambientadas entre os anos 1873 e 1876, en dúas vilas marítimas de ría e as accións, tanto as dramatizadas como a novelada, responden a unha visión tradicionalista da historia e da sociedade. Non debemos perder de vista estas coordenadas —cronolóxica, xeográfica e ideolóxica— á hora de analizar as aparicións en escena dos mariñeiros se queremos interpretar correctamente o seu posible significado e aquilatar qué grado de correspondencia gardan coa situación real dos traballadores do mar na Galicia desa década.

⁵ Ver Santos Zas. (1993: 153-155 e 262-277).

A GALICIA VALLEINCLANIANA DO ÚLTIMO TERCIO DO SÉCULO XIX VISTA POLA CRÍTICA

Parece tamén necesario que antes de iniciar a análise histórica e literaria destes personaxes, recordemos algunhas das opinións dos estudiosos que se teñen ocupado dos aspectos socio-históricos destas obras de Valle-Inclán, para determinar en qué medida os mariñeiros que aparecen nestas obras, encaixan ou non nas diferentes interpretacións que se teñen realizado sobre a Galicia literaria do autor galego.

En realidade, non existe unha postura unánime por parte da crítica á hora de resolver se a sociedade galega decimonónica que aí se recrea reflexa de forma transparente a realidade histórico-social do momento, ou se, pola contra, a Galicia que Valle nos presenta, dista bastante da historia obxetivable xa que, máis que sobre feitos comprobables, está recreada en grande medida a partir de modelos literarios e historiográficos precedentes e por iso nela predominan os anacronismos sociais e históricos, así como os personaxes de carácter atemporal e os de dimensión mítica, en detrimento da fidelidade á historia. Para algúns autores Valle-Inclán «produce prototipos con elementos absolutamente reais»⁶ que viven o drama histórico do «des-

⁶ Ver Obdulia Guerrero (1966:468). Para Guerrero «basta la lectura de la obra de Vicens Vives» —refírese á *Historia social y económica de España y América*— para concluir que «las Comedias Bárbaras no son únicamente expresión de su galleguismo pura y simplemente, sino que responden a un sentido histórico: historia y folklorismo, pero, sobre todo historia, evocación de una época con fidelidad de artista en una recreación soberbia. La geografía es Galicia, los personajes son gallegos, el léxico por su musicalidad, ritmo, galaicismos..., responden al medio geográfico y a la única lengua posible para sus personajes. Realismo histórico, realismo geográfico, realismo humano característico de la producción valleinclanesca.» (1966:469).

plome del mundo feudal gallego»⁷ que todavía permanece na Galicia do último tercio do século XIX. Sen contradicir o anterior, outros críticos poñen énfase na ideoloxía tradicionalista que o escritor galego abraza nese momento, que o conduce a defender, fronte á ameaza do mundo moderno, burgués e capitalista, os valores antigos e estáticos dun mundo arcaico, de economía precapitalista, que identifica con Galicia⁸. Integran un terceiro grupo os que

—Tamén M^a del Carmen Porrúa (1983), tras sinalar a existencia de «resabios feudales» (1983:52) nun país de economía precapitalista no que predomina un «ambiente agrícola rural donde se mueven elementos tradicionales» (1983:36) defende «la tesis, que creo probada a lo largo de este trabajo, de que la Galicia de las *Comedias Bárbaras* es la Galicia decimonónica» (1983:269). «En primer lugar se ve que Valle-Inclán no ha inventado nada. Esto parece absolutamente obvio pero aún alguna crítica lo ignora. En segundo lugar, queda demostrado que no sólo no son invenciones sino que ni siquiera son arcaísmos» (1983:85) Valle —segundo a autora arxentina— «apoyó ese mundo en una realidad que conocía muy bien, la realidad de su Galicia natal. La transfigura pero no la cambia ni mucho menos, la inventa.» (1983:270). Recoñece, sen embargo, que o autor galego «se ha complacido y detenido en los elementos arcaicos que Galicia conservaba y que los personajes estáticos como los mendigos, pueden dar una cierta idea de atemporalidad» (1983:276).

⁷ —Ver Matilla Rivas (1972:57). Matilla Rivas —tendo en conta «el libro de Vicens Vives y el testimonio de Valle-Inclán» dalle a razón a Obdulia Guerrero («El ambiente histórico queda plasmado con absoluto respeto a la geografía y a la época» fronte á opinión de Díaz Plaja («El encuadre ideal de esta figura (Montenegro) —de todas las *Comedias Bárbaras*— es una fuerte e imprecisa Edad Media, a pesar de que los anacronismos no escasean en la acción.») (1972:59). Pero precisa: «El mundo gallego, en lo que tiene de residuo feudal, es colocado en un tiempo ideal pasado, bárbaro, medieval.» (1972:98).

⁸ —Maravall (1966), que ve na obra do escritor arousán o reflexo dunha sociedade tradicional, estática, arcaica, idealizada, amosada a veces como unha estampa medieval utópicamente representada, considera que «hay pocos escritores como Valle-Inclán en quienes se de, pese a ciertas apariencias en contrario, un reflejo más amplio y más vinculante de la sociedad sobre una obra literaria» (1972:225). Para el, Valle «se encuentra en una sociedad de base agraria y tradicional. En ella, novedades burguesas intentan abrirse paso, y del choque entre una y otra forma

suliñan as débedas que a Galicia de Valle

de vida surgen perturbaciones, desfiguraciones, que Valle valora muy gravemente». Polo tanto, fronte a «los malos efectos que encuentra a su alrededor» que «atribuye a las novedades de una sociedad moderna, capitalista, por tanto, burguesa» opta nese momento por «mantener la sociedad tradicional» (1972:230). De aí o reflexo dese arcaísmo social que «de fuente inmediata procede de su medio gallego» (1972:233) e de aí «que, merced a su intuición poética, acierte a testimoniar con mayor veracidad, con más amplitud, el mundo que se imprimió originariamente en su retina y que él reelabora idealizándolo». Un mundo cunha estrutura social que «queda reducida a dos grupos: señores y criados, y como fondo una masa pasiva y amorfa de deseredados y desvalidos.» (1966:241).

—García Pelayo (1966:261) tamén percibe que esa «actitud positiva hacia el tiempo arcaico es correlativa a su preferencia por los espacios arcaicos» (...) «donde el tiempo histórico se desarrollaba a un ritmo mucho más lento que en otras partes; en regiones más pegadas a la naturaleza de economía pastoril y campesina, y en las que se habla una lengua arcaica o medieval portadora de una sabiduría antigua oralmente transmitida» (...) «Como es sabido, estas regiones son el País Vasco o Navarra y, sobre todo Galicia.» E continúa: «Incluso cuando se trata de desarrollar literariamente el mundo de los hidalgos en decadencia, pero todavía enérgicamente erguidos, se reduce más el espacio arcaico hasta delimitarlo a una pequeña ciudad como Viana del Prior y a sus contornos, es decir, a un ámbito donde todavía podía considerarse como verosímil la vigencia de las formas de vida desarrolladas por Valle-Inclán.» (1966:261). Ámbito de relacións económicas de tipo feudal e precapitalista no que para Gomez Marín (1967:38) «el cuadro rural se refuerza (...) con la circunstancia de que las prestaciones económicas que en su marco se producen son realizadas siempre en especie, dato que es del todo coherente y que ha señalado Maravall».

—Para Santos Zas, «don Ramón recrea en ellas un modelo social tradicionalista» (1993:153) no que podemos «rastrear en el orden social, económico, jurídico y político los rasgos esenciales de una sociedad que no ha dado todavía el salto a la modernidad, pero que sufre los efectos de las transformaciones de la revolución liberal-burguesa» (1993:160). «Como entramado, soporte y marco de este tema ofrece un amplio cuadro de la Galicia rústica decimonónica: semifudal, de economía precapitalista, en la que perduran legislaciones e instituciones antiguas y cuya rigurosa organización estamental empieza a resquebrajarse ante el empuje de la incipiente sociedad liberal y capitalista. Una Galicia, pues, en lo social, económico y jurídico profundamente tradicional, arcaica, pero no anacrónica, ya que Valle premeditadamente elige una de esas regiones donde el tiempo histórico se desarrolla a un ritmo mucho más lento que en otras zonas de España: el país Vasco, Navarra y, sobre todo, Galicia mantienen en parte vigentes en 1876 esas formas de vida desarrolladas literariamente por el escritor en sus *Comedias Bárbaras*.»

contrae, antes coa tradición literaria e cultural galega do XIX, que coa realidade histórica desa centuria: é pois da literatura e da historiografía decimonónicas de onde extrae o escritor arousán os arquetipos medievalizantes e os estereotipos rústicos, primitivos, tan do gusto romántico e logo tamén do modernismo e do expresionismo⁹ dado o seu carácter exótico, ancestral e violento, pero tan pouco acordes co rigor histórico.¹⁰

⁹ Jerez Farrán (1989:92-95) dubida de ata que punto é lícito encadrar as *Comedias Bárbaras* na estética expresionista, a pesar da temática do primitivo e do violento, —como fai Matilla Rivas (1972)— entre outras razóns precisamente pola ideoloxía do autor nese momento.

¹⁰ —Así o considera Rubia Barcia (1955), para quen «hay muy pocas cosas de las escritas en su región —en gallego o en castellano— que Valle-Inclán no haya leído», por iso, aínda que «en algunos casos es fácil y en otros difícilísimo precisar lo que debe a sus lecturas», «una cosa, sin embargo, parece innegable y es que toda su visión de Galicia es de factura literaria. La ve siempre al través de la palabra escrita. La reproducción de una Galicia tal como se la ofrece lo que llamaríamos «realidad aparente» es algo que repugna a su sensibilidad» (1955:6-7). Para Rubia, Valle-Inclán, que naceu «en un pueblecito de campesinos y pescadores de la ría de Arosa» (...) «ni una sola vez que yo sepa aparecerán pescadores ni campesinos —como tales, es decir, dedicados a las tareas propias de sus oficios— en su obra ni mencionará a la ría de Arosa, ni a ninguna otra ría gallega, a pesar —y quizás por eso— de ser la vida de los pescadores y de los campesinos y la belleza de las rías tópicos de una gran parte de los escritores regionales...». Sen embargo, o escritor galego «se propone calar hondo en la psicología regional y crear una realidad gallega —por procedimientos literarios— que a la postre será mucho más verídica y trascendental que la que le ofrecía la realidad cotidiana. Para ello aprovechará, sin escrúpulos, todo aquello que le parezca utilizable, sabiéndose justificado si logra dar con la fórmula adecuada.» (1955: 6-7)

—Díaz-Plaja (1972), seguindo neste punto a Rubia Barcia e a González López, apunta: «Pero además de un paisaje, esta Galicia es una cultura. Sea cual fuere su posición política, Valle-Inclán aparece, en su primera formación, vinculado a la tradición cultural galaica, tanto si ironiza («cualquier poetilla suspira unas decimas en dialecto (sic) a la libertad de la antigua Suevia») como si se sirve de los modelos literarios que gozaban de prestigio en la Pontevedra de su mocedad.» (1972:28) E continúa enumerando as débedas descubertas por estes autores, entre elas a «imitación de un mediocre folletínista pontevedrés, Benito Vicetto» (en realidade era de Ferrol) da que arrancaría

A clave que explica estas diverxencias de veredicto á hora de enxuizar o grado de fidelidade da Galicia literaria de Don Ramón á Galicia histórica, reside en qué aspecto se privilexia á hora de valorar as correspondencias entre realidade e ficción: nos dous primeiros grupos, primando a coincidencia coas circunstancias políticas e a situación económica e problemas sociais xerais á Galicia agraria de finais do XIX. Os últimos, fiscalizando os comportamentos dalgúns personaxes e remitíndoos máis, a arquetipos literarios arcaizantes, que non a seres con patente de identidade decimonónica. Tamén botan en falla, estes últimos, algunhas realidades sociais e económicas presentes a finais desta centuria, e ausentes na obra de Don Ramón.

— a hesterculación medieval de Montenegro: «El encuadre ideal de esta figura —de todas las *Comedias bárbaras*— es una fuerte e imprecisa Edad Media, a pesar de que los anacronismos no escasean en la acción» (1972:195), «Lo «medieval» es aquí un «modo de ser» perpetuado en la Galicia feudal y campesina que Valle-Inclán se complace en imaginar como superviviente en su mocedad» (1972:197).

—Para Sumner M. Greenfield (1972:61-62), *Águila de Blasón y Romance de Lobos*, temáticamente inseparable la una de la otra, consisten en cincuenta escenas caleidoscópicas que forman un espectáculo tumultuoso de Galicia del siglo XIX. Dentro de lo decimonono el autor intuye un trasmundo medieval: primitivo, feudal, «bárbaro», «también plantean un dilema social...». Seguindo «el magistral estudio de José Rubia Barcia», Greenfield aclara que «Don Ramón dramatiza la barbarie primitiva de las dos comedias según se la sugiere el mundo milagrero y feudal de Galicia, pero lo hace por el filtro de la tradición literaria. No ensaya una recreación arqueológica del pasado. Más bien, crea una basta pintura mural de la Galicia rústica, en que penetra para extraer esencias estéticas del primitivismo. Busca nostálgicamente una capa poética de la antigüedad que persiste en el alma gallega no cambiada por el tiempo ni la historia».

—Antón Risco, nun artigo que significativamente titula «La Galicia que nunca existió» (*La Voz de Galicia*. 28-VIII-1991) afirma: «Sabemos que la imagen de ese campo tradicional y en transformación sirve a Valle-Inclán para exponer sus nostalgias medievales —de una Edad Media, desde luego, no menos mítica que la Galicia que la recoge. En semejante pasado anhelado (y que nunca existió, naturalmente) encuentra el necesario respaldo a su esteticismo.

Pola nosa conta, á hora de abordar a análise dos mariñeiros e as circunstancias que os rodean nestas tres obras do escritor galego, tomaremos en consideración:

1) Se as circunstancias e o pensamento político que se explicitan nas obras son coherentes coas ideas e correntes políticas existentes nese momento histórico e coa sucesión cronolóxica das mesmas (liberalismo, carlismo, provincialismo, conservadurismo, republicanismo, tradicionalismo).

2) Se a estrutura económica e social (fidalgos, foros e foreiros, pesca e mariñeiros, burguesía de fomentadores de fabricas de salazón e conserva, fabricas de curtidos, de fundición de ferro, obreiros, etc.) se corresponde de forma exacta coa da Galicia e en concreto, e isto será determinante, da Vilanova de Arousa na que viviu Valle-Inclán.

3) Se os personaxes tamén son fieis á imaxe que por diversos conductos (prensa, documentos, retratos costumistas, fotografía...) nos chegou dos galegos de diversa clase e condición que poboaron a Galicia, neste caso a marítima, desa época.

Se nos centramos nestes últimos, a diversa procedencia dos modelos que inspiraron os varios personaxes que entran en acción nestas tres obras, caracterizados con xestos e actitudes non sempre acordes cos cánones que se supoñen contémporáneos a ese século, explica tamén o desacordo a que antes se aludía.

Así por exemplo, a carón dun Don Juan Manuel Montenegro, de xesto ampuloso e verbo grandilocuente, símbolo dun mundo feudal cristiano-occidental que desaparece¹¹, continuador, entre outras tradicións literarias, de arquetipos pertencentes a

novelas históricas de ambiente medieval como *Los hidalgos de Monforte* do novelista e historiador decimonónico Benito Vicetto, e por iso, en ocasións, máis parecido ao cruel e desaforado Pedro Madruga que mímese dun fidalgo decimonónico¹²; ou tamén, ao lado da resignación evanxélica do coro de mendigos que capitanea «El pobre de San Lázaro», máis fieis no seu espírito ao símbolo cristián da pobreza de tradición medieval que á realidade social da mendicidade decimonona, «cohabitan» personaxes de maior verosimilitude contemporánea como, por exemplo, o pragmático Don Ginero, comprador de bens desamortizados, o labrego Pedro Vermo ou Benita la Costurera, que continúa unha tradición literaria que debuxa este tipo social, habitual nos cadros de costumes galegos¹³.

Pois ben, é agora cando se abre a interrogante que nos invita a indagar qué clase de personaxes son estes mariñeiros presentes nestas tres obras de Valle-Inclán e en qué medida encaixan coa visión que a crítica ten da Galicia decimonónica, averiguando o grado de correspondencia cos modelos reais, a procedencia da súa caracterización e a función que desempeñan.

¹² Ver a interpretación que como símbolo cristián lle dá Miguel A. Olmos en *Pobres y pobreza en las Comedias Bárbaras de Valle-Inclán* (análisis de una serie simbólica). (2000:278-282).

¹³ Ver Polín (1996: 68-75). Ricardo Polín inclúe na recopilación de tipos e cadros de costumes Os galegos pintados por si mesmos. A muller tradicional, un, titulado «La costurera de aldea» de Filomena Dato Muruais (1856-1926), no que se fai relación de todos os tópicos e características deste tipo humano habitual no mundo rural e vilego, do seu papel intermedio entre campesiños e señores. «Este cadro de costumes descritivo da muller rural galega, personalizada na costureira de aldea —tipoloxía tan grata para todos os costumistas e mesmo para Rosalía— foi publicado na colección de tipos femininos titulada *Las mujeres españolas, americanas y lusitanas pintadas por sí mismas* en dous tomos sucesivos en 1880 e 1882.

¹¹ Ver Clara Luisa Barbeito (1985:141-211).

OS MARIÑEIRO EN *ÁGUILA DE BLASÓN*, *ROMANCE DE LOBOS* E *LOS CRUZADOS DE LA CAUSA*

VALLE-INCLÁN,
O MAR E OS MARIÑEIRO

A marxinal aparición dos mariñeiros en escena, case sempre sen nome propio que os individualice¹⁴, as máis veces aludidos de forma xenérica, pola profesión ou polo seu cargo a bordo (EL MARINERO, EL PATRON), así como algunhas manifestacións do autor a cerca da súa obra, son tal vez as causas de que se teña reparado escasamente na presenza destes personaxes na mesma.

Declaracións como estas, nas que se ignora aos mariñeiros:

«Soy el historiador de un mundo que acabó conmigo. Ya nadie volverá a ver vinculeros y mayorazgos. Y en este mundo que yo presento de clérigos, mendigos, escribanos, putas y alcahuetes, lo mejor —con todos sus vicios— eran los hidalgos, lo desaparecido»¹⁵

Ou estas:

«—Y las aventuras marítimas, ¿no le atraían? / —No... Algunas veces iba a la playa, desamarraba un bote y me dejaba ir mar adentro, hasta que las gentes salían en mi busca, me recogían; pero, de todos modos, el mar no me seducía; ni los viajes... No. Yo estaba vuelto hacia tierra... Lo

¹⁴ Son a excepción: Abelardo, o patrón da lancha, as alusións a seu pai Peregrino el Rau, e un dos mariñeiros afogados que se chamaba Venturoso, todas en *Romance de Lobos*.

¹⁵ En *La Comedia Bárbara de Valle-Inclán. Apuntes de crítica literaria*, sobre unha carta a Rivas Cherif en 16-II-1924. Ver J y J del Valle-Inclán (1996:258).



que a mi me gustaba era ir por los caminos, subir a los montes, perderme en los bosques, cazar... Me gustaba ir a los mercados, a las ferias, tener ganados... Entonces habría querido ser pastor, o vaquero, o chalan...»^{16/17}

terminan por consolidar a imaxe exclusivamente agraria, centrada no binomio que opón a señores (fidalgos e abades) frente a criados, foreiros e mendigos, que xa se

¹⁶ «Los grandes hombres en brazos de la niñera. La épica infancia de don Ramón María del Valle-Inclán» por V. Sánchez Ocaña. *Heraldo de Madrid*. 13 III-1926. en J y J del Valle-Inclán (1996:293).

¹⁷ Esta última declaración debe ser tomada con cautela. Jesús Blanco demostrou en dous estudos centrados no mar na obra de Valle-Inclán, «El mar y los barcos en la obra de Valle-Inclán» (2003:49-69) e « El mar arosano en la obra de Valle-Inclán» (2004:43-52), o coñecemento e a familiaridade do autor co ambiente marítimo.

tiña da Galicia literaria de Valle neste período¹⁸.

En cambio, en concordancia con outras manifestacións do autor como esta: «Y comienza *Romance de Lobos*. La muerte llega con sus luces, con sus agüeros, con sus naufragios y orfandades, con sus castigos y arrepentimientos»¹⁹, Greenfield²⁰ obseva a importancia que as viúvas e os orfos dos mariñeiros teñen no desenlace de *Romance de Lobos*. Así, para el, «El último acto es el sacrificio, impulsado por la empobrecida familia de un marinero de cuya muerte el propio don Juan Manuel ha sido responsable», (1972:65) e reafirma esta observación nun apartado adicado aos mendigos: «En definitiva, los que realmente inducen a don Juan Manuel a actuar contra la perversidad de sus hijos y a reafirmar su propia naturaleza como hombre de voluntad invencible son la mujer y los

¹⁸ Por exemplo, M^a C. Porrúa, no apartado que titula «Los estamentos sociales. Antiguos derechos y prerrogativas» afirma que «Dos son en realidad las categorías sociales: los «señores» y los «paisanos» con variantes secundarias en el segundo estamento debido a estudios, dinero, etc» (1983:83) e prosegue: «Sin relevancia —solo aparece en *Romance de lobos* e incidentalmente en *Águila de Blasón*—, está la otra fuerza productiva de Galicia: los hombres de la mar, los “mariñeiros” de sudeste y botas, fuerza a la que Paz Andrade llama “la segunda ala del sector primario»». (...) «En el momento que nos ocupa aquí, es reflejo de una época preindustrial. Los marineros que llevan a don Juan Manuel no usan el vapor, aunque esto no signifique que no lo conocieran» (1983:84). Estas conclusións levan á autora a relegar aos mariñeiros a un último grupo —F—, (na compañía de artesáns e profesións liberais) dentro do apartado de personaxes que non pertencen á familia de Don Juan Manuel Montenegro. Neste apartado coméntase: «Los marineros se reducen a las costas y a algunos puntos determinados y no corresponde aquí dedicarle mayor atención que la que se debe a la breve intervención de Abelardo y sus hombres en *Romance de Lobos*. (...) Este hombre y sus marineros tienen las virtudes características adjudicadas a la tradición marinera: prudencia y valentía. (...) Cuando vuelven a aparecer los marineros, ya no son ellos sino sus viudas, los huérfanos, el naufragio».

¹⁹ En «Autocrítica». Ver J y J. Valle-Inclán (1996:260).

²⁰ Ver Greenfield (1972:95)

hijos del marinero ahogado. Por lo mismo, los mendigos no son absolutamente necesarios en lo que al argumento se refiere» e engade en nota: «Cualquiera que sea su papel en el mensaje social que contenga la obra, los mendigos no ocupan el primer término. Es la familia del marinero la que impulsa a don Juan Manuel a su responsabilidad moral y social»²¹. Esta conclusión do crítico norteamericano marca un bo punto de partida para avaliar o papel que este estrato social ten nestas tres obras do autor vilanovés.

A DOBRE FUNCIONALIDADE DOS MARIÑEIRO: COSTUMISMO E DENUNCIA SOCIAL

Sen embargo, o paso por escena dos mariñeiros que se produce nestas tres obras ten un significado máis amplo. Responde a dúas intencións diferentes que dan como resultado dous tipos distintos de paso por escena:

1) O primeiro tipo, non trascende a condición de fondo costumista. Son dúas «escenas», que integran esa panorámica caleidoscópica de Galicia²² que son ambas Comedias: a primeira en *Águila de Blasón* —a travesía en galeón pola ría— e a segunda en *Romance de Lobos* cando se producen as alusións á condición de vello «lobo de mar» de Peregrino el Rau que «iba nadando hasta la Isla» ou as referencias ás consabidas prudencia e valentía propias dos homes de mar.

²¹ Para Clara Luisa Barbeito, a acotación inicial «Noche de tormenta en una playa. Algunas mujerucas apenadas, inmóviles sobre las rocas y cubiertas con negros manteos, esperan el retorno de las barcas pescadoras.» e máis tarde a escena de don Juan Manuel coa viuva e os orfos «da estructura circular a la obra».

²² Ver Greenfield (1972:61-62 e 71-76)

2) En segundo lugar, están as situacións dramáticas e noveladas que destilan unha marcada intención crítica á situación económica e social na que se desenvolve a existencia dos pescadores, despois da implantación polo Réxime liberal do sistema capitalista e a liquidación de antigas institucións, como neste caso as corporacións gremiais.

Incluimos tamén aquí algunhas escenas ou fragmentos narrativos nos que os feitos relatados ou dramatizados, do mesmo xeito que algunhas manifestacións dos personaxes, propician unha interpretación dos mesmos en clave histórica. Así, para o Rexionalismo, tanto tradicionalista como liberal, os mariñeiros tiveron a súa «Idade de Ouro» nos séculos XIII a XVI.²³

Foi a época de fundación e apoxeo das vilas marítimas, —Viana del Prior é un arquetipo histórico delas—, como Pontevedra, Padrón, Noia, Muros ou as máis modestas Vilanova de Arousa e Pobra do Caramiñal, do comercio atlántico (ata Flandes e Inglaterra) de viño e mediterráneo (ata Barcelona e Xénova) de peixe.

Neste tempo, os Gremios de Mareantes, —os máis importantes de Galicia ao lado dos artesanais de Compostela— regulaban a pesca e a súa transformación e comercio, financiaban con créditos a adquisición de artes, aparellos e embarcacións, reservaban un quiñón de pesca comunal para o sustento de viúvas e orfos, costeaban a construción de igrexas e capelas gremiais e gozaban de libertades e privilexios que os convertían nun dos poderes da sociedade estamental do Antigo Réxime.

²³ Naquel momento «mareante» significaba o mesmo que hoxe mariñeiro. En cambio, este último termo só se refería aos navegantes comerciais non adicados ao peixe e a súa transformación e comercialización.

Cando decaen, nas centurias XVII e XVIII, e son finalmente abolidos no XIX, os mareantes, agora mariñeiros, quedan desprotexidos —pénsase desde o Rexionalismo tradicionalista— fronte aos mecanismos do novo sistema liberal-capitalista que substitúen ao vello sistema corporativo gremial. Tal sucede xa a finais do XVIII cando o reformismo ilustrado permuta vellos tributos señoriais como o «dezmo do mar», a cambio da prestación de servizo na Armada mediante o sistema da «matrícula do mar»²⁴ ou cando case ao mesmo tempo, se produce, e non sen resistencia, a introducción polos cataláns²⁵ dun novo modo de produción pesqueira e salazoneira que se traduce na instalación de almacéns e fabricas do fomento que inician unha relación económica de tipo capitalista cos pescadores.

Así, sucede que o sistema capitalista, aniquilador dos gremios é o causante da penosa situación actual dos mariñeiros (século XIX): miseria, vivendas pobres, falta de instrución, afición ao xogo e á bebida nas tabernas, desprotexidos en caso de morte por naufraxio e vítimas da usura.

MODELOS E FONTES

As fontes das que están tomados ambos tipos de fragmentos e escenas literarias, son diferentes:

1) O primeiro, o costumista, procede con seguridade, dada a falla doutros modelos deste tipo na literatura popular galega,

²⁴ É o que está cumprindo o mariñeiro soldado do exército liberal en *Los Cruzados de la Causa* que morrerá ao intentar desertar.

²⁵ O patriano, defensor dos vellos métodos de pesca, acaba simbólicamente caracterizado en *Águila de Blasón* con «gorro catalán».

dun conto da colección *Escenas Gallegas* de seu irmán Carlos e tamén da observación infantil e xuvenil da actividade cotiá dos mariñeiros na súa vila, Vilanova de Arousa, así como do tráfico diario de cabotaxe entre as dúas bandas da ría de Arousa.

2) O segundo tipo, o histórico-social, ten unha orixe máis diversa e complexa: cabe pensar que estas mesmas experiencias de xuventude, deberon de estar filtradas e maduras no coñecemento histórico e social que unha serie de lecturas de diversa índole lle aportaron ao autor. Podemos agrupalas en tres clases:

En primeiro lugar, debemos apuntar a unha serie de crónicas e comentarios xornalísticos en diarios e publicacións periódicas relacionadas co entorno do seu pai, Ramón del Valle Bermúdez, —quen, á sazón, era propietario e director en Vilagarcía do xornal *La Voz de Arosa*²⁶ e antes, codirector de *El Eco de la Ría de Arosa* con Trillo Salelles— que informaban e polemizaban en torno á situación social e económica dos mariñeiros e de todo o sector pesqueiro.

É importante ter tamén en conta, a lectura que a historiografía decimonónica, tanto a liberal representada por Murguía como a de ideoloxía tradicionalista, materializada na ampla obra de López Ferreiro, —que nese momento están construíndo os cánones históricos de Galicia— fai do pasado marítimo medieval e cómo o sope-

²⁶ Deste periódico só se conserva a portada do número 93 publicada pola revista Cuadrante no seu número 1. Sen embargo, hai referencias a *El Eco de la Ría de Arosa* e despois a ela que o continúa, dando noticia do que nelas se publicaba, na revista *La Ilustración Gallega y Asturiana* (1879-1881), que dirixía Manuel M. Murguía, amigo do pai de Valle-Inclán. Nesta publicación tamén colaborou Ramón del Valle-Bermúdez con varios artigos. (Ver a este respecto: Cuadrante 1, Vilanova de Arousa, 2000).

sa en comparanza co presente daquel século XIX. Parece tamén bastante clara a influencia que en Valle-Inclán teñen as ideas da rama tradicionalista do Rexionalismo rigurosamente teorizadas por Alfredo Brañas nos seus escritos políticos e económicos. Unha destas ideas, como teremos ocasión de comprobar é o antiindustrialismo, tamén presente en moitas obras do escritor arousán.

E finalmente, parece determinante a publicación en 1885 dun libro de Joaquín Díaz de Rábago (1837-1898), titor de Valle-Inclán en Santiago de Compostela cando este cursa estudos de Dereito na Universidade (1885-1890)²⁷. Titúlase *La industria de la pesca en Galicia*, publicao a Sociedade Económica de Amigos del País de Santiago e nace como resultado da reflexión sobre un cuestionario de 223 preguntas preparado por «la Comisión central encargada del estudio de lo que se ha convenido en llamar cuestión obrera». Neste traballo, Díaz de Rábago, economista de ideoloxía liberal e partidario do desenvolvemento capitalista, pero moi influído pola «doutrina social» da Igrexa, realiza unha decripción pesimista da sociedade de finais do século XIX, inxus-

²⁷ Paz-Andrade (1981:72) di en nota: «Mientras fué estudiante vivió en un hospedaje de la Rúa del Franco, número 45. El encargado de tutelar, más que de vigilar, al estudiante en Santiago era el ilustre economista don Joaquín Díaz de Rábago, de cuyo hijo Andrés fue amigo íntimo, que acompañó a Don Ramón hasta en la hora de la muerte.» Datada en Madrid (9-1-1911), Valle-Inclán envía unha carta a Andrés Díaz de Rábago, fillo do economista compostelán, na que lle comenta: «Mucho me alegró saber de ti, y mucho sentimiento tuve de no poder ir a la Puebla en los breves días que estuve en Galicia. ¡Después de tantos años!. Se alborotó el mar, que quiso sin duda darme una visión de lo que fue mi vida hasta que Dios Nuestro Señor quiso acordarse de mí. Estuve en Villanueva, y en vano busqué lancha que atravesase la ría. Luego un telegrama me hizo volver a este Madrid cuando menos lo esperaba. ¡Pero cuánto hubiera querido ir a la Puebla y veros a todos!...» en Hormigón (1987:483-484).


ta a consecuencia das novas relacións económicas derivadas do liberalismo e capitalismo, sen medidas correctoras de signo social, e rota a raíz da resposta que desde os movementos sociais de signo marxista se lle dá ao problema socioeconómico desde a clase obreira. Describe nesta obra, centrada no mundo da pesca, desde o pasado medieval protagonizado e dominado polas corporacións gremiais ata o presente social e económico —céntrase sobre todo na década dos setenta— no que apunta, case con exactitude, varias das situacións que Valle utiliza, como a continuación veremos, tanto en escena como en texto narrativo. Vislumbra, este teórico do cooperativismo e do crédito agrario, que o remedio a esa situación, pasa polo fomento do asociacionismo e o cooperativismo, que blinden ao mariñeiro fronte á usura crediticia e a pobreza.

Mais antes de buscar as claves que expliquen o modo que Valle-Inclán ten de presentar aos homes de mar nestas obras, parece necesario reproducir eses momentos nos que alcanzan protagonismo, sexa este de cadro costumista ou de valor social.

ESCENAS MARIÑEIRAS

O GALEÓN A VELA: PASAXEIROS, GANDO E MERCADURÍAS CRUZAN A RÍA

Como antes anunciábamos, son dúas as escenas de ambientación mariñeira nas que se percibe unha certa demora no recreo de tipos e descripción de hábitos, espazos ou obxectos característicos deste mundo marítimo. É de notar, sen embargo, que a carencia de modelos precedentes para esta tipoloxía na tradición literaria galega, obrigou a



Don Ramón a pintar do natural. Así, ata onde coñecemos, non existe no catálogo costumista galego ningún exemplo de galeón cruzando unha ría, abarrotado de pasaxeiros, animais e mercaderías que van a unha feira, se facemos excepción do relato «Aaau» que o seu irmán Carlos del Valle-Inclán, inclúe no libro de cadros e relatos costumistas *Escenas Gallegas*. Os paralelismos entre este relato, protagonizado polo mariñeiro Rau-Rau e o homólogo Peregrino el Rau de *Romance de Lobos* ou entre a travesía da «lancha de Ventura» e a do galeón que cruza a Dona María en *Águila de Blasón* xa teñen sido sinalados²⁸. Só queda unha dúbida: se estas escenas do autor das *Comedias Bárbaras* proceden unicamente

²⁸ Ver respectivamente: Prólogo a *Escenas Gallegas*, en Carlos del Valle-Inclán (2002:27-28) e Blanco García (2003: 58-61).

da reelaboración destes cadros do seu irmán, ou, o que cremos máis probable, que, ademais, os recordos de infancia e xuventude foron tamén para ambos materia prima sobre a que cincelaron os seus textos.

Por exemplo, en febreiro de 1881, —cando Ramón ten 14 anos e Carlos 15— ante un notario de Vilanova de Arousa, asíñase na Illa de Arousa un contrato para «el fletamento del Galeón llamado «Wenceslao», «su porte, unas nueve toneladas» con «obligación de dedicarlo al transporte de mercancías, vecinos y habitantes de esta parroquia, por término de cuatro años, que empezaron a correr en primero de enero del corriente y concluyen el primero de enero de mil ochocientos ochenta y cinco, sin que pueda dedicarlo a la pesca ni armarlo en corso» Tamén precisa o documento as dársenas de atraque e os horarios de navegación: «los puertos de carga y descarga, serán los de esta Isla²⁹, Villanueva de Arosa y Puebla»; o barco partirá «al salir el sol para ir a Villanueva, volverá de Villanueva a la Isla a tiempo suficiente, para salir otra vez de aquí a las dos de la tarde de los expresados días a Villanueva y de Villanueva saldrá a la puesta del sol para esta parroquia en los nombrados días». Estipúlase asimesmo que «Galeón y tripulación han de ir a la Puebla todos los lunes, jueves y sábados de cada semana y si en alguno de estos días no pudiesen salir por el mal tiempo saldrán al siguiente día»³⁰. Pero, «cuando el capi-

tán no quiera salir con el Galeón para la Puebla, por el temporal, se nombrarán seis hombres que digan si puede ir o no y por lo que digan los seis hombres tendrá que conformarse el capitán». Da Pobra ven «con la harina», moída con toda probabilidade nos muíños da pendente do Río das Pedras como tamén relata Carlos en «Aaau»³¹. Sabemos tamén que «el Galeón o barco que susiste en la citada pasaje ha de tener más de cincuenta y dos cuartas de quilla, con tres tripulantes suficientes» ou que «Los Bueyes que vengan para este pueblo conducidos por sus vecinos, pagarán dos reales por cada par». É como podemos comprobar, o mesmo ambiente que domina *Águila de Blasón*, galeón a vela de transporte mixto para persoas, gando e mercaderías (das que sobresa a fariña que se moe nos muíños do Río das Pedras na Serra do Barbanza):

«Un mar tranquilo de ría, y un galeón que navega con nordeste fresco. Viana del Prior, la vieja villa feudal se espeja en las aguas. A lo lejos se perfilan inmóviles algunas barcas pescadoras. Son vísperas de feria en la villa, y sobre la cubierta del galeón se agrupan chalanes y boyeros que acuden con sus ganados. Las yuntas de bueyes, las cabras merinas y los asnos rebullen bajo la escotilla y topan por asomar sobre la borda sus grandes ojos tristes y mareados». (...) «El galeón navega en bolina. Se oye el crujir marinero de las cuadernas, se ciernen las gaviotas sobre

²⁹ É a Illa que aparece en Romance de Lobos:

—EL CABALLERO.— ¿Eres tu Abelardo?

—EL PATRON.— Para servirle, Señor Don Juan Manuel.

—EL CABALLERO.— A ti no te conozco... A tu padre le he conocido mucho... Me acuerdo de una apuesta que ganó: Era ir nadando hasta la Isla. En *Romance de Lobos* (455)

³⁰ Máis adiante matiza: «Si por la mañana no pudiese pasar el Galeón a la Puebla a causa del mal tiempo que haga en ese día y si en ese día la tarde se queda buena, saldrá el Galeón para la expresada Puebla, si el día llega para ir y venir aquí»

³¹ «La gente iba llegando y, con unos que se embarcaban y con el fol de millo que dejaban otros, para que a los dos días se lo devolviesen de harina los muñeiros del río d'as Pedras, iba ocupándose la embarcación, que cual si fuese una especialidad, construída como la túnica de Cristo, no se daba llena, encontrando siempre los marineros con extraña habilidad sitio donde acomodar un par de bueyes o media ducea de vacoriños». En Carlos Valle-Inclán (2002:66).

los mástiles, y quiebran el espejo de las aguas dando tumbos, los delfines...».

(*Águila de Blasón*. Xornada II.
Escena VI: 371-372)

E remata a travesía:

—EL PATRÓN. —No haya temor, Doña María.

—EL MENDICANTE. —Vosotros siempre decís que no haya temor, y la otra feria faltó poco para que pereciéramos.

—EL PATRÓN. —Faltó lo mismo que ahora.

Temor nada infundado, pois, por exemplo, o 3 de novembro de 1883, foi noticia o naufraxio da barca de pasaxe que, en horario de mañán, cruzaba desde Vilanova á Illa de Arousa.³²

A LANCHA DE PESCA: PATRIANOS E MARIÑEIRO

En *Romance de Lobos* (454-455), ademais das tópicas referencias á valentía —Peregrino el Rau era un «lobo para la mar»— e prudencia dos mariñeiros —«Somos marineros, y por eso miramos los peligros que apareja la travesía. Al mar cuanto más se le conoce más se le teme. No le temen los que no le conocen» ou a tipos de embarcación e aparellos³³, prodúcese, en resposta a unha pregunta, case forzada, de D. J. Manuel Montenegro —«¿cuántos marineros sois?»— unha descripción da composición da tripulación da lancha de pescadores, propia dun prototipo de unidade de pesca artesanal: «Cinco y el rapaz, que no merece ser contado...». Unha acotación dramática posterior narra: «A la voz de EL

PATRÓN los cuatro hombres que tripulan la barca, uno tras otro, van saltando a bordo con un rosmar de protesta.»

Díaz de Rábago, explica, na catalogación deste tipo de unidades, ao describir o modo de pesca da sardiña nas Rías Baixas que «Las dedicadas a esta pesca son o lanchas tripuladas por cuatro hombres y manejando cinco redes, u otras más pequeñas y de construcción especial llamadas dornas, con cuatro redes cada una y la dotación de tres marineros: tanto aquellas como estas suelen llevar además un muchacho. Hasta hace pocos años las lanchas de los fomentadores (y bajo el nombre genérico comprendemos todas las diferentes embarcaciones menores) trabajan indistintamente al salario o a la parte; mas hoy domina casi en absoluto este



Romance de Lobos. Teatro del Matadero.
Director: S. Antonio Aliaga.

³² Ver Vila Fariña (2005:210)

³³ Blanco García (2003 e 2004).



Mariñeiros galegos. Do libro: *Galicia: o oficio de vivir*.

último modo de retribución, que fue siempre el seguido por los patrianos»³⁴

A un destes patrianos, Valle-Inclán, debúxao en *Águila de Blasón* deste xeito: «El galeón da fondo en la bahía y los marineros que lo tripulan hablan a voces con un

³⁴ En Díaz de Rábago (1885:46-50). Canto á repartición das ganancias: «En la de Arosa, el fomentador y de igual manera el patriano, como armadores de redes y lancha, levantan la mitad de la pesca (...) El producto de esta mitad, como el de la correspondiente en las lanchas de los patrianos se divide entre el patrón, los compañeros y el muchacho, haciendo el primero quiñón y medio, un quiñón cada uno de los segundos, y desde un cuartón a tres cuartones, o sea cuartos de quiñón, el último con arreglo a su edad. Hase introducido también la costumbre de que cuando el lance pasa de dos millares, puede llevarse cada uno de los tripulantes para su casa un ciento de sardinas y determinada parte proporcional el muchacho.» Canto ao salario, este «ha venido fluctuando y progresivamente ascendiendo desde 22 pesetas 50 céntimos al mes, que era aún hace poco la exigua ordinaria remuneración de estos jornaleros de la mar, hasta 25 y 30 pesetas que hoy ganan como máximo».

viejo patriano de gorro catalán que, sentado en una peña, recoge sus aparejos de pesca». O gorro catalán tal vez quere ser símbolo do abandono por parte dos patrianos —os donos de embarcacións que mantiñan os usos tradicionais do país tras da chegada dos fomentadores cataláns a finais do XVIII—, dos usos propios, para ser progresivamente asimilados á nova estrutura capitalista da pesca. Para Díaz de Rábago³⁵ «fue perdiendo aquella población su autonomía industrial, entrando en el carril que trazaba la nueva forma que revestía la explotación pesquera, y sujetándose de

³⁵ Ver Díaz de Rábago (1885:29 e 38-39) «y quedó reducido a número insignificante en varias rías la clase de patrianos, o sea pequeños industriales de la familia marinera, que trabajaban con artefactos suyos, y que probablemente deben el nombre a su condición de indígenas, diferencial de la clase de fomentadores, de origen o oriundez extraños a Galicia casi siempre».

bueno o mal grado al feudalismo de los fomentadores catalanes. La antigua organización llegó a desaparecer por completo, y toda la producción fue absorbida y se concentró en las manos del Fomento, que comanditaba, para usar de un galicismo corriente, todas las empresas de pesca». «De cualquier manera,— apunta en 1884— apreciado con espíritu sereno el conjunto de hechos que se han venido eslabonando desde que se puso en práctica la ley que abolió el estanco de la sal, resulta indudable que, puesto que no sin dolorosas sacudidas y sin serios inconvenientes, ha empujado sin embargo la emancipación, como ahora se dice, de la clase pescadora, y contribuido a que la industria extractiva de la pesca vaya tomando una nueva forma más conforme a la ley de la división del trabajo, por el aumento del número de patrianos de un lado, y por la disminución del número de armadores de fomento por otro».

A CUESTIÓN SOCIAL

OS INFELICES MARIÑEIRO

Dionisio Pereira³⁶, ao estudar o período 1870-95, rotúlao co significativo título de «Desprotección do mariñeiro». Para el, «A desaparición forzosa dos Gremios de Mar no 1864³⁷, e con eles a súa función benéfi-

³⁶ Ver PEREIRA, D. (1992:157) e (2002:10).

³⁷ Díaz de Rábago (1885:92-96) historia a súa desaparición legal: «La tendencia a la libertad industrial, que empieza a dibujarse en las Leyes Recopiladas y ya se acentúa mucho en la R. O. de 1 de marzo de 1798, hace explosión en el Decreto de las Cortes de 8 de junio de 1813, que emancipa a la industria de la tutela de los gremios, pero sin declararlos por cierto abolidos. Tuvieron con todo que languidecer, y tanto que, cambiada aquella situación, derogado el Decreto, y años andando, el Gobierno juzgó oportuno reformar y vigorizar los gremios de mareantes». Pero as circunstancias acaecidas como «consecuencia de la revolución

ca, de socorros, e mesmo de ordenación dos recursos, produciu un baleiro xeralizado da capacidade asociativa no mar, e un agravamento das condicións de vida e traballo dos mariñeiros, xa lamentábeis de seu». Hai que matizar, sen embargo, que a súa decadencia viña xa de finais do século XVIII.

No ano 1869, adóptase outra medida de carácter liberal, o desestanco do sal, tras case un século de constantes demandas por parte da burguesía salazoneira. O resultado é un crecemento das inversións en novas fábricas e a aparición de novos fomentadores provintes da vella clase dos patrianos, así como a acentuación do proceso de división do traballo propio do capitalismo. Para os mariñeiros máis humildes, non significou mellora ningunha, pero marcou un tímido inicio de movementos sociais como resposta ás novas condicións socio-labourais. A súa sorte económica —pobreza e miseria ou un mínimo desafogo económico— seguía dependendo de algo tan azaroso como a periódica aparición e desaparición da sardiña.

En *Los Cruzados de la Causa* (733-734), no enterro do mariñeiro soldado morto Valle retrata este estado de miseria: «Cara de Plata arrendó su caballo a un lado del camino. Era una larga procesión de niños que corrían delante agitando las gorras, de mujeres que llevaban farolillos de aceite, y de marineros descalzos caminando los últimos, con las cabezas descubiertas».

que en el modo de ser de la industria pesquera y salazoneira produjo la inmigración catalana no eran propicias para que cobrasen brío. Sobrevinieron abusos de especulación y casos de explotación de la marinería: echose de menos la institución gremial que la amparase»; Intentaron reactivarse en 1858 «pero los días de los gremios de mar estaban contados». O 10 de xullo de 1864 declárase a súa extinción.

As súas casas tamén son humildes³⁸: «La mañana gris y anubascada era presagio de temporal en la costa. Por las callejuelas que bajan a la playa aparecían trechos de un mar saltante y espumoso. Era una visión azul, clara y terrible, en la oscuridad lluviosa de aquellas cuevas, toldadas por un cielo plumizo, que serpenteaban entre casas mezquinas, con escalones en las puertas» *Los Cruzados de la Causa* (724-725).

CRÉDITO E USURA


Cando desaparecía a sardiña, disparábanse as alarmas. O ano 1879 foi especialmente pésimo: «cuál será el estado en que deben hallarse todos los que viven de la industria salazonera (...) esta circunstancia más la paralización del embarque de ganado a Inglaterra y los resultados de las continuas y terribles lluvias que se experimentan en Galicia, nos renuevan, con todos sus horrores, las tristes escenas de 1853...»³⁹. E como consecuencia «estos mismos marineros en años de escasez como el actual... —(1884-1885)—...antes que poner su planta en la senda fácil del delito común prefieren arrostrar lo que les sonroja más, la para ellos última de las humillaciones: pedir...»⁴⁰

³⁸ Ver Allegue, G (1991): «A meirande parte dos viaxeiros que pasaban por Galicia ficaban sorprendidos pola humildade da casa mariñeira. Preferíase orientada ao poente, frente ao mar, cuns bancais corridos baixo as fiestras (...) Posto que todos os mariñeiros buscaban a primeira liña houbo que chegar a un acordo: o ancho da fachada debería ser do tamaño dun remo de traña. Eran as famosas «casas do remo».

³⁹ «La miseria en Galicia» escribe *El Eco de la Ría de Arosa*: «no tardaremos en ser testigos de cuadros tan desgarradores como los que en el 54 se han presenciado» en (LIGA, 20-X-1879)

⁴⁰ En Díaz de Rábago (1885:37).

É entón cando asoma o rostro sinistro da usura. En xuño de 1880 Murguía⁴¹ lamenta que: «Las noticias que la prensa de Galicia nos da son de tal naturaleza que no dejan esperanza de remedio. No hay numerario; la mar se mostró en estos tiempos tan estéril como la tierra; la cría y ceba de ganado, única fuente de riqueza que nos quedaba en pié, sufrió también hartos contratiempos (...) a donde no alcancen los rigores del fisco insaciable, llegarán los de la eterna usura, que los devora en todo tiempo y ocasión propicia»⁴²



Juan Goday

«El Señor Ginero, después de la siesta, todas las tardes salía de su casa con la escopeta al hombro y un cestillo de mimbrres en la mano. Andaba lentamente, arrastrando los pies, de reojo atisbaba al interior de las casas, donde veía los camastros

⁴¹ LIGA. Tomo II: 177).

⁴² Así, cando se unen todas as adversidades «se alza en los pueblos la figura del logrero o prestamista» di Alfredo Brañas en *El País Gallego* (4-II-1888).

sobre caballetes pintados de azul, y a las mujeres sentadas en el suelo haciendo red. A veces asomaba la cabeza por alguna puerta llena de humo pobre de la pinocha, con olor de sardinas asadas:

—¡Lagarteira, está tu marido?

—¡Está en el mar!

Y salía una vieja con los ojos encendidos y las greñas sujetas por un pañuelo anaranjado. El señor Ginero tosía:

—Que no se olvide de cumplir como es debido. No quisiera llevaros al juzgado...

La vieja hundía los dedos en las greñas, desdichándose:

—¡Son tan malos los tiempos!

El Señor Ginero contestaba huraño:

—Son malos para todos.

Y continuaba su paseo hacia una gran huerta que había comprado cuando la venta de los bienes conventuales.»

Los Cruzados de la Causa (685-686)

TABERNAS, NAIPES E INCULTURA

Sen embargo e a pesar de todo «no son de santificar tampoco los pescadores» — afirma Díaz de Rábago—⁴³ «gente imprevisora como ninguna»... «que viven indolentes en el hoy y cuentan para el mañana con la mar», «Cigarras humanas, preocúpales poco el pensamiento de la mala estación; y cuando ganan mucho, y aquí tres años ha les hemos visto recoger el oro casi a puñados, la taberna, querencia invencible, les absorbe ese que pudiera ser capital, fuente de mejoramientos, y que no resulta más que goce grosero, y origen de disensiones domésticas.»

«Una calle. Es de noche. SABELITA camina pegada al muro de las casas arrebuada en su manto, y llora con débil gemido, como niña abandonada. Las calles

están desiertas, y los zaguanes de las casas, lóbregos. SABELITA percibe a veces un confuso vocerío, que sale del interior de las tabernas llenas de marineros, y miedosa, apresura el paso para cruzar ante las puertas, de donde surge una banda de luz que tiembla sobre la calle enlosada. Tal vez una sombra se tambalea en la esquina barbollando confusos discursos. SABELITA pasa recatada en su mantelo.

LA VOZ DEL BORRACHO.— Aquí me tienes, parienta... Sopla Nordeste fresco, parienta... Envaina las uñas, que el hombre de bien tiene que achicar un cuartillo con los amigos... ¡Cuidado, que ya tengo un rumbo dentro! Si usted no es mi parienta, señora. Espere usted, que me estoy pisando la faja. ¿No quiere usted esperar?... Navegaremos en conserva...⁴⁴

La sombra avanza, tambaleándose, por medio de la calle. SABELITA apresura el paso y, poco a poco, deja de oír la voz incoherente y torpe. Atraviesa una plaza donde hay un convento...»

Águila de Blasón (396)

«Sorprende a cualquiera el número relativamente desproporcionado de tabernas que, parangonados con los agrícolas⁴⁵, existe en los pueblos pescadores, y el consumo que en ellos se hace de vino y bebidas espirituosas.», continúa Díaz de Rábago.

Os momentos de expansión económica na pesca e salazón tamén contaxian de actividade ao ramo do comercio. O número de tabernas aumenta e a competencia entre elas ameaza o mantemento dos pre-

⁴⁴ Término de orixe mariñeira que indica que dous ou máis barcos navegan en compañía, sempre atentos a conservar o grupo.

⁴⁵ Conservamos a nota que introduce Díaz de Rábago (1885:69): «No con los manufactureros que se llevan la palma de los vicios, ni con las grandes capitales, centros que suelen ser de todas las corrupciones»

⁴³ Ver Díaz de Rábago (1885:21,68,76 e 104)

zos: así, por exemplo, en Vilanova de Arousa no ano 1882, cando Valle-Inclán tiña 16 anos, doce propietarios de taberna «a fin de poder satisfacer las cargas que sobre ellos pesan a causa de los nuevos presupuestos del Estado» acordan que «ninguno de los concurrentes ha de vender vinos menos de cinco cuartos, aguardientes de caña, anís y mistela, las han de vender a dieciséis cuartos cuartillo, y tomando este precio a cuarterones, copas y medios cuarterones; aceite lo han de vender a veinte y dos cuartos también cuartillo, gas a doce cuartos asimismo cuartillo, y la libra de pan de trigo a diez cuartos cada una, y con relación a estos precios han de vender al menudeo, sin que puedan bajar dichos precios por ninguna causa ni motivo hasta que entre sí lo acuerden; pero podrán subirlos indistintamente como les parezca y convenga y cuando les acomode.»

«La estancia era pequeña, toda blanca de cal, y con el techo partido por una gran viga. Percibíase el vaho de la taberna que estaba en el zaguán. El olor de la caña holandesa, de los serones de higos, y del azúcar húmedo y moreno, que la vieja, sentada delante de las balanzas, repartía en cartuchos de a cuarto y de a dos cuartos. Era un vasto olor, triste como la llovizna, y como el mar, y como las disputas de aquellos marineros que jugaban a los naipes»... «Acudió la madre a cerrar la vidriera, sacudida por una ráfaga, y volvió al zaguán donde disputaban los marineros jugadores de naipes»...

Los Cruzados de la Causa (727-728, 729)

⁴⁶ En 1853 o Concello de Vilanova de Arousa «deseoso como el que más, de facilitar a los pueblos toda la enseñanza posible» consigna a cantidade de 5000 reais para «cubrir la dotación del maestro que regenta la escuela pública de esta Villa, y la otra que se deberá establecer en la parroquia de Bayón»...» por manera que con las dos escuelas está atendida la enseñanza de todo el distrito, a

Outro dos estigmas que se percibían na clase pescadora era a falta de instrucción.⁴⁶ «Cuando aún no ha traspuesto los límites de la infancia, —lamenta Díaz de Rábago—⁴⁷ el hijo del pescador entra ya a formar parte de la lancha». «El pescador se pasa la vida entre las cuatro tablas de su barquilla aguardando pacientemente a que el pez pique en el anzuelo o se ahorque en una malla, y conversando ora allí, ora cuando salta en tierra, y como único tema, sobre los accidentes de la pesca, con sus otros compañeros que no han recibido educación más cultivada que la suya».

Valle-Inclán, en sintonía con esta observación, caracteriza case sempre aos mariñeiros con diálogos nos que o único asunto son os lances de mar.

«UN MARINERO.—Vamos a tener virazón.

OTRO MARINERO.—Gaviotas por tierra, viento sur a la vela.

EL PATRÓN.—Nunca salió mentira.

(...)

«... y los marineros que lo tripulan hablan a voces con un viejo patriano de gorro catalán y sotabarba que, sentado en una peña, recoge sus aparejos de pesca...»

Águila de Blasón (372)

«La niña rezó toda la noche con una pena confusa, oyendo el tumbo de las olas al pie de su ventano, y los gritos de los pescadores que volvían de arribada.»

Los Cruzados de la Causa (729)

excepción de la parroquia de san Julián de la Isla de Arosa, pero este pueblo, casi todo marítimo, apenas sus habitantes se ocupan de mandar sus hijos a la escuela, sino a llevarlos en su compañía desde muy pequeñitos al ejercicio de la pesca del pulpo, sardina y otros pescados...» En Vila Fariña (2005: 73-74)

⁴⁷ Ver Díaz de Rábago (1885:72-73).



Mulleres traballando no areal. Do libro: *Galicia: o oficio de vivir*

Para Alfredo Brañas, máximo representante e teorizador do rexionalismo tradicionalista⁴⁸, o novo modelo económico capitalista e as súas condicións de traballo son a causa desta «degradación»: «cuando se ve a las clases medias desesperanzarse en la holgazanería y la indolencia, al pescador blasfemando en su barquilla, al labrador renegando de Dios en los campos y al obrero y al artesano explotados presos en las redes del socialismo, consolándose en la taberna de las miserias de la fábrica, sustituyendo en sus labios las maldiciones a las plegarias...»⁴⁹.

⁴⁸ Ver Maiz, Ramón (1984:308-396). Para a relación de Valle-Inclán con este movemento, ver: Santos Zas (1993: 62-67). Brañas ve a «centralización liberal e capitalista como celme de tódalas eivas do país e, centralmente, da crise económica contemporánea, postulando a descentralización como recuperación das franquicias populares e provinciais, como alternativa válida para a recuperación do equilibrio económico, todo da man da clásica fixación ucronica medievalizante» (Maiz.1983:93).

Por iso Valle-Inclán inclúe estas «notas negativas» entre as que configuran a caracterización destes traballadores do mar, inmersos a esta altura do século XIX, como estamos vendo, nun sistema de relacións económicas plenamente capitalista.

AS MULLERES DO MAR: PEIXEIRAS E REDEIRAS

As mulleres tamén participaban na actividade pesqueira. Forman «uno de los muchos y más interesantes cabos de la cuestión obrera» —opina Díaz de Rábago⁵⁰, por iso, prosegue o autor de *La*

⁴⁹ «Discurso pronunciado por Alfredo Brañas en el Certamen Literario y Musical, celebrado en el día 2 de febrero por el «Círculo Católico de Obreros» de Ferrol. Santiago 1899». En Maiz, R. (1985:246-255).

⁵⁰ Ver Díaz de Rábago (1885:75-82).

industria de la pesca en Galicia, «hasta quedara manco este mi trabajo si, voluntaria o distraídamente, pasase por alto la intervención que ejercen, la cooperación que prestan las mujeres en la industria gallega de la pesca».

Esta participación femenina é de tres clases: a primeira en «las mismas faenas de la mar, que no es caso raro verlas, desaliñadas nereidas, manejar diestramente el remo, guiando diminutas embarcaciones para la recolección del marisco». A segunda como «la población principal de las fábricas del fomento». Aquí desempeñan dous tipos de traballo diferentes: un é o que realizan dentro da fábrica as estivadoras, «su salario en la Ría de Arosa es el reducido corriente en el país para los jornaleros de este sexo, 50 céntimos de peseta al día»; «las demás présntanse y como monopolizan, por turno, la conducción de las sardinas, en cestas que representan otros tantos medios millares, desde la lancha que contiene la pesca a los pilos de la fábrica», «la retribución en este puerto es la de seis céntimos de peseta por cada cesta».

Nestas últimas, as que conducen a sardiña do porto ás fábricas, fixaremos a nosa atención: «Pero ¿cuándo y cómo se hace este servicio?» —pregúntase Díaz de Rábago— «A cielo descuberto, en esas incansables noches de Diciembre y Enero, cuando la atmósfera tranquila parece de hielo, o de vez en cuando sobrevienen ventiscas que azotan cruelmente el rostro y como si le cortaran con un cuchillo, allí, pegadas a una pared, tiritando de frío, mal arrebujadas en usados pañuelos o en mantelos, oprimiéndose el corazón las he visto infinitas veces aguardar hora tras hora el arribo de las lanchas; y luego cuando estas atracan, si no hay muelle o el reflujó de la marea lo ha dejado en seco, —¡detalle que da escalofríos!— meterse en la mar para

tomar la carga al costado de la embarcación hasta que les cubre si es caso el agua la cintura y llega al pecho...»

«Noche de tormenta en una playa. Algunas mujerucas apenadas, inmóviles sobre las rocas y cubiertas con negros manteos, esperan el retorno de las barcas pescadoras. El mar ululante y negro, al estrellarse en las restingas, moja aquellos pies descalzos y mendigos. Las gaviotas revolotean en la playa, y su incesante graznar y el lloro de algún niño, que la madre cobija bajo el manto, son voces de susto que agrandan la voz extraordinaria del viento y del mar. Entre las tinieblas brilla la luz de un farol»⁵¹

Romance de Lobos. (453)

⁵¹ Para Greenfield, (1972:86) nesta escena «Al mismo tiempo se logra una representación de la situación dramática particular que va a desarrollarse: la muerte en el tormentoso mar ocasionada por la insistencia de don Juan Manuel de que le lleven a Flavia Longa, y el papel decisivo que ha de tener en la salvación del temerario noble la viuda de uno de los marineros ahogados».

Estas mulleres, («peixeiras»), non son, sen embargo, as futuras viúvas dos mariñeiros da lancha. Esta escena ten lugar na praia e atracadoiro de Viana del Prior, a onde acode a descargar, —seguramente sardiña para unha fábrica de salazón, —actividade esta, que nunca aparece na obra de Valle-Inclán— a lancha de Abelardo, e de paso, darlle recado a Don Juan Manuel do péximo estado de saúde de Dona María. Pero, tanto o patrón como a tripulación son de Flavia Longa, e, —se seguimos a lóxica argumental— naufragan na praia das Sinas, preto desta última vila, na ficción literaria. Polas praias desta, é por onde vaga Don Juan Manuel e, nelas, é onde atopa a Fuso Negro e á viúva cos nenos. Polo tanto estas escenas ocorren en dúas vilas distintas, cada unha a unha banda distinta da ría.

En cambio, no «Cuadro de costumbres marineras» que publica Ramón del Valle Bermúdez en 1866. (Ver *Cuadrante*. Nº 1: 75), si que coinciden estas mulleres na dobre condición de «peixeiras» e esposas dos mariñeiros. Por outra parte, neste cadro do pai do noso escritor, ao lado dunha lixeira denuncia social —«parece imposible que en un suelo tan hermoso haya tantos seres que no son felices», prevalece unha idealización poética, case bucólica, desta actividade, ben diferente da cruceza con que describe esta faena Díaz de Rábago e non digamos do tráxico e tormentoso ambiente que domina en *Romance de Lobos*: «... vense —lemos no texto de Valle Bermúdez— aparecer por diferentes puntos de la playa algunas mugeres que con sus hijos en brazos y seguidas de los que no son tan pequeños, van a

As «redeiras» son as que forman o terceiro grupo. Antes, víamolas de reollo a través do prestamista Don Ginero: «Andaba lentamente, arrastrando los pies, de reojo atisbaba al interior de las casas donde veía los camastros sobre caballetes pintados de azul, y a las mujeres en el suelo haciendo red.»

No estudo que redacta en 1884, lembra Díaz de Rábago⁵²: «Hasta hace pocos años una pequeña industria relacionada con la pesca, daba también algún pan, y no tan amargo, al sexo femenino de estos puertos: la cantidad considerable de redes que emplea el Fomento, y que demandan reposición frecuente, eran trabajadas por nuestras ribereñas que dedicaban, y aún consagran a esta labor y otras afines, las horas perdidas, y sobre todo las de las noches de invierno, reuniéndose en tertulias reglamentadas, características del país, llamadas palilladas o hiladas que dan pábulo a la alegría y algún motivo de queja a la moral. Mas actualmente no se hacen casi otras redes a mano que las de los patrianos, y aún estos empiezan a encargar a Cataluña las mecánicas, que salen más baratas y ofrecen un torcido y mallaje más igual»⁵³.

esperar sentadas en la ribera la llegada de los pescadores, llevando cada una un pequeño cesto para recoger la pesca...» una de aquellas mugeres, con su hijo en brazos, saliéndose del grupo de sus compañeras, se acerca alegremente a la orilla a donde se aproxima en aquel momento una dorna dirigida por un solo marinero. En cuanto este hubo reconocido a la que lo esperaba, la llama por su nombre, haciéndola mil preguntas que revelan el interés más delicado, entablándose en aquel momento, de la dorna a la ribera un diálogo interesante, con ese acento cariñoso con que se habla en casi todos los puertos de las rías bajas el dialecto gallego...» (...) «terminada esta escena, que más de una vez ha iluminado con su luz la luna, se retiran aquellas gentes sencillas a sus hogares».

⁵² Díaz de Rábago (1885:78-80).

⁵³ Ás veces, déixase que entren os mozos: « Los mozos asistentes de ordinario a cada una, y que pudiera decirse de número, contratan por toda la temporada un ciego que se

Pero esta vida do mar, de luces e sombras, estaba sempre ameazada. En calquera momento, un temporal⁵⁴, unha manobra mal calculada, un accidente, unha temeridade... e a dorna, lancha ou galeón podían naufragar. Se iso sucedía, as consecuencias eran dramáticas.

Romance de Lobos, última peza da triloxía bárbara, é a obra onde o naufraxio da lancha de Abelardo (o patrón, catro mariñeiros e o rapaz da lancha) e o posterior desamparo das viúvas e orfos van a ser convertidos en motivos dramáticos determinantes para a final resolución da traxedia de Don Juan Manuel Montenegro.

Un diálogo entre o patrón Abelardo (fillo de Peregrino «el Rau») e Don Juan Manuel na escena terceira da xornada primeira funciona como premonición invertida do que vai acontecer:

pasa rasgueando la guitarra o rascando el violín la noche, porque mientras que las unas, principalmente las mujeres de estado o de edad madura, trabajan, otras muchachas, alternando con la labor y a la conclusión de esta, bailan: pues allí se canta y se baila y se hacen juegos de prendas y se divierte, en modo no siempre inmune de peligros» (...) «Compárense, ahora estas fiadas con las que describen otros escritores (...) y se echará de ver la gran diferencia que media entre las de los campos y las fiadas de nuestras rías».

⁵⁴ En maio de 1880, *La Ilustración Gallega y Asturiana* reproduce esta noticia enviada desde O Grove: «El huracanado viento del norte que desde hace quince días está reinando en estas costas, dejará durante algún tiempo triste recuerdo en la vecina Isla de Arosa. En la tarde de 30 pasado de abril hubo de ocurrir una lamentable desgracia frente al puerto de Melojo, distante dos kilómetros de esta villa. Una lancha de Villanueva de Arosa, que en lo más recio del temporal cruzaba la ría en dirección al puerto mencionado, sufrió la rotura del palo, sin que afortunadamente cogiese en su caída a ningún individuo de los que la tripulaban. Media hora mas arriban al referido puerto de Melojo, desde donde ya remediada la avería sufrida, salió al día siguiente para su destino.»



Viudas de náufragos. Do libro: *Galicia: o oficio de vivir*

EL CABALLERO.—A ti no te conozco...
A tu padre le he conocido mucho... Me
acuerdo de una apuesta que ganó: Era ir
nadando hasta la Isla.

EL PATRÓN.— ¡De poco le ha servido al
pobre aquella destreza!

EL CABALLERO.— ¿Murió ahogado?

EL PATRÓN.—Murió, sí, señor.

EL CABALLERO.— ¿Cuándo embarca-
mos?

EL PATRÓN.— Cuando el tiempo lo per-
mita.

EL CABALLERO.— ¡Tú no morirás
como tu padre! Tu tienes que pedir permi-
so al tiempo para hacerte a la mar. Cuando
llegemos estará fría aquella santa. La
muerte no tiene tu espera, hijo de
Peregrino el Rau.

(...)

EL PATRÓN.—Muchachos, vamos a largar.

UN MARINERO.—El viento es contrario
y no llegaremos en toda la noche. Si no
ocurre avería mayor.

OTRO MARINERO.—Más valía esperar.

OTRO MARINERO.—Al nacer el día
acaso salte el viento.

EL CABALLERO.— ¿En qué año nacis-
teis? ¡Un rayo me parta si no habéis naci-
do en el año del miedo!

EL PATRÓN.—¡A embarcar, rediós!
Meter a bordo el rizón.

(...)

«...Después se santigua. La barca se
columpia en la cresta espumosa de una ola.
Comienza la travesía» (...)

(*Romance de Lobos*: 455)

Xa na escena sexta, o forte vento rompe
o velame da lancha, que é arrastrada polo
temporal ata o areal das Sinas⁵⁵:

⁵⁵ En 1881, nun artigo titulado « Una gira a los baños de La Toja », Carús Falcón describía así esta paraxe en *La Ilustración Gallega y Asturiana* (Tomo III:322): « Reunidos a bordo de la balandra Amalia, del práctico mayor de la ría de Arosa, varios jóvenes expedicionarios partimos del puerto de Villagarcía con rumbo a la Toja,

«Una playa de pinares: En aquella vastedad desierta, el viento y el mar juntan sus voces en un son oscuro y terrible. La barca, con el velamen roto, ha dado de través en los arrecifes de la orilla, y un marinero salta a reconocer la tierra. EL PATRÓN habla desde a bordo.

EL PATRÓN.—Este arenal parécese que debe ser el arenal de Las Inas. Busca a ver si descubres el Con del Frade.

EL MARINERO.—Ni aún las manos alcanzo a verme. Los pinares se me figuran los Pinares del Rey.

EL CABALLERO.—Entonces nos hallamos entre Campelos y Ricoy.

EL MARINERO.— Es una playa de arena gorda.

EL PATRÓN.— Hasta que amanezca no señalaremos a donde arribamos.

EL MARINERO.— Con tal noche era sabido. Suerte que no naufragamos.

EL CABALLERO.—Suerte para nosotros, que no dirán lo mismo los delfines.

(...)

Loujo por otro nombre. Era una de esas mañanas del mes de agosto propias para este género de excursiones. Atmósfera despejada, sol esplendente, debilitado en su ardor por la brisa marítima. Un fresco viento del N. E. rizaba la superficie de las aguas, inflando las velas de nuestra embarcación, que a todo trapo y en popa deslizábase veloz, favorecida en la marcha por la corriente del mar, en cuyo flujo precipitase tumultuosa hacia la ría del Umia (...) Nuevos panoramas se presentan entonces a nuestra contemplación. Hacia la izquierda, el antiguo pueblo de Villajuan, con sus oscuras viviendas agrupadas en anfiteatro, distinguiéndose en la playa sus primitivos y en otro tiempo, prósperos almacenes de salazón, y en lo alto un ruinoso palacio, contiguo a la iglesia. La costa pierde luego la suavidad de las curvas para internarse bruscamente en el mar. Los sombríos pinares que pueblan este cabo, una derruida torre solitaria en medio de la campiña esmaltada de algunas casas, nos hace ver en aquellos contornos la amena comarca de Villanueva, que se presenta a la vista, remontadas las Sinas. A nuestra derecha extiéndese de N a S la Isla de Arosa, cuyas playas del E, cubiertas de verdes maizales de aspecto severo, bordeamos. Van asomando a trechos sus imponentes cabezas sobre las azuladas aguas la Gorma, las Novias, las Hermanas y otras rocas que hacen un tanto peligrosa la travesía para los marinos inexpertos.»

EL PATRÓN.— ¡Pues no hicimos poca deriva! Hasta que amanezca no podemos navegar, y aún así veremos... Habrá que ir achicando agua toda la travesía.

EL CABALLERO.—Os iréis solos porque a mí se acaba la paciencia y no espero.

(...) yo me voy a pie desde aquí hasta Flavia Longa»

(*Romance de Lobos*: 462)

O impaciente Don Juan Manuel, sálvese así de morir no naufraxio. Na escena terceira da xornada segunda sabemos que naufragaron polos comentarios do capelán de Dona María.

EL CAPELLÁN.— ¡Un resucitado!... ¡Le veo y no me parece Don Juan Manuel! ¡Vengo de la playa, de esperar la barca de ese infeliz Abelardo!

EL CABALLERO.— ¿No habrá llegado?

EL CAPELLÁN.— ¡Ni llegará!... Naufragaron...

EL CABALLERO.— ¿Y han perecido todos?

«EL CAPELLÁN.— ¡Todos!... El cuerpo del patrón dicen que ha salido en la playa de Rajoy...Yo le hacía embarcado con ellos al Señor Don Juan Manuel. ¡Es providencial!

(...)

(*Romance de Lobos*: 480)

Tamén os criados, os mendigos e o Cego de Gondar falan do suceso:

EL CIEGO DE GONDAR.— ¿Habláis de esos cinco mozos ahogados?

PAULA LA REINA.— ¡Es una compasión de Dios!

DOMINGA DE GÓMEZ.—Inda no se sabe si han perecido los cinco.

EL CIEGO DE GONDAR.—En toda la largura de la playa solamente se oyen las voces de las mujeres y de las criaturas.

PAULA LA REINA.— ¡Pobres almas, qué

triste suerte les espera!

DOMINGA DE GÓMEZ.—La misma que a todos nosotros. ¡Pedir una limosna por las puertas!

EL CIEGO DE GONDAR.—Por agora, la mar sólo ha echado el cuerpo del patrón y el del rapaz.

(...)

(*Romance de Lobos*: 483-484)

Sabelita e a criada de Don Juan Manuel, La Roja, —na primeira escena da xornada terceira— rezan por eles na igrexa de Flavia Longa e cando abandonan o templo atopan ás viúvas, que van preparar o enterro. Comeza a prantexarse o problema —crucial nesta obra— da caridade cristiá, ante o desvalimento social dos mariñeiros no século XIX.

«SABELITA: ¡Qué desgracia tan grande! Recemos una Salve por el descanso de esos pobres marineros ahogados.⁵⁶

LA ROJA.—Estaba de Dios que ellos pereciesen y que el amo se salvase.

⁵⁶ Díaz de Rábago comenta dos extintos Gremios de Mareantes: «Informábalos como a todos el principio religioso, que en ellos centelleaba en mayor grado que en los otros, porque el peligro doblega el corazón altivo, y la tempestad es áspero y elocuente misionero. En ninguna clase social, así, se anida en corazones varoniles, en medio de las disipaciones de la vida, un culto más arraigado y generoso que el que aún hoy, en que tanto se han entibado las creencias, los marineros tributan a la Estrella de los mares, a la Virgen del Carmelo que han tomado generalmente los de Galicia por patrona.» En Díaz de Rábago (1885:90).

Salen de la iglesia. En el cancel esperan las viudas de los naufragos para tratar el entierro con el señor abad. Es un grupo de mujeres que huelen a marinada, con los ojos encendidos y las greñas flojas, con los vestidos húmedos, pardos, de una tristeza salobre, restos de otros lutos.

LA ROJA.—El Señor Don Juan Manuel Montenegro dispuso que se diese a cada viuda una carga de maíz. ¡Fue la sola cosa que habló!

SABELITA.—
¡Vamos allá!

LA ROJA.—
¡Dios te lo premiará, mi hija!

(...)

(*Romance de Lobos*: 496)

E xa na escena cuarta, cando Don Juan Manuel, retirado na praia coa intención de morrer, está a falar

con Fuso Negro, aparece unha viúva cos seus catro fillos:

«...Son cuatro niños descalzos y una mujer de luto.

«LA MUJER.— ¡Tiempo de aguas!... ¡Tiempo de tormentas!... ¡Tiempo maldito!... ¡Miseria para los pobres!... ¡Lutos y hambres!... ¡Cúbrese el sol!... ¡Sentarvos en la tierra a descansar, mis hijos!... ¡Aún hemos de ir mucho por este arenal!... ¡Vos dolerán los pies si no descansáis!... ¡Repartirvos ese pan!... ¡Tiempo de tormentas!... ¡Tiempo de dolor!... (...)

LA MUJER.—No se distingue en esta oscuridad... ¿Eres tú Fuso Negro? Si bajaste por este arenal de lobos, acaso sabrás en que playa echaron las olas el cuerpo de un ahogado. A la medianoche llegaron a decírmelo. Batieron en la ventana. No conocí quién era.



A espera. Do libro: *Galicia: o oficio de vivir*.

FUSO NEGRO.— ¿Inda la mar no quiso darte el cuerpo de Venturoso?

LA MUJER.— Dijo la voz que en la playa de Campelos... Allá voy por ver si le reconozco. Las cuatro criaturas despertáronse llorando al oír petar en la ventana... ¡Creían que era el ánima de su padre! Esta mañana, rayando el día, fui a la casa grande por tener un socorro para este camino tan largo. ¡Echáronme los canes!... ¡Malditos sean todos los ricos! (...)

LA MUJER.— ¡...Y tenían dicho que darían socorro a las viudas y a los huérfanos! ¡El Mayorazgo huyose para no cumplimos la manda! ¡Cinco lobos dejó alrededor de su silla vacía! ¡Ay Montenegro, negro de corazón! ¡Por tu imperio se hicieron aquellos pobres a la mar, en una noche tan fiera! ¡Cuando seáis mozos reclamarle cuentas, mis hijos, que él os dejó sin padre! (...)

EL CABALLERO.— ¡Fuiste a mi casa y te encontraste cerrada la puerta!

LA MUJER.— ¡Me echaron los canes!... ¡pedía un bien de caridad para abrir una cueva!... (...)

EL CABALLERO.— ¡Yo cavaré la cueva para tu marido! Si faltase azada, la cavaré con mis manos... Para la mortaja iré a pedir una limosna en la casa que fue mía, y si hallo la puerta cerrada, la derribaré para que entres tú con tus hijos... (...)

EL CABALLERO sale de la cueva. La lluvia moja su cabeza blanca y su barba patriarcal que aborrasca el viento, llevándola de uno a otro hombro. La viuda, el loco y los niños le siguen como sombras de su delirio...».

A peripecia da lancha de Abelardo e o seu tráxico final cruzan polo tanto *Romance de Lobos* de principio a fin. O naufraxio e as tráxicas consecuencias —viudedade, orfandade e desamparo económico— son as que, como sinalaba Greenfield, provocan a conversión do Mayorazgo.

Para Santos Zas⁵⁷, «En esta obra, Valle-Inclán, plantea el destino personal de Montenegro, que alcanza todo su sentido desde una perspectiva cristiana. El «Caballero» inicia su camino de salvación recorriendo varias etapas: primero ejerce la caridad al acoger a los mendigos en la casona de Flavia; después renuncia a sus bienes; más tarde se retira del mundo — solución egoísta e ineficaz—; es entonces cuando se produce el encuentro con Fuso Negro y la viuda del marinero, muerto a consecuencia de la temeridad del señor amo⁵⁸. Este último encuentro hace comprender a Don Juan Manuel el alcance de su responsabilidad y determina su retorno a la casona para enfrentarse con sus dos hijos, enfrentamiento que culmina con la muerte del Mayorazgo». Montenegro, redímese, pois, co exercicio da caridade cristiá, que negan os seus fillos.⁵⁹

O sentido desta solución final ten explicación se temos en conta que as *Comedias Bárbaras* representan un modelo social tradicionalista, no que se vertebra «el pensamiento del escritor, en gran parte explicable y derivado de las características de vida de su país natal, Galicia, y de su condición social, la hidalguía rural⁶⁰. Tamén

⁵⁷ Ver Santos Zas (1993: 164).

⁵⁸ Os mariñeiros, sen embargo, non están suxeitos a ningún tipo de relación feudataria nen señorial con Don Juan Manuel Montenegro como sucede cos criados ou con Pedro Rey. Dependen directamente das ordes do patrón — en sentido laboral, non feudal—, que é quen toma a decisión de embarcar, iso si, retado no seu orgullo e valentía polo «Mayorazgo».


⁵⁹ Clara Luísa Barbeito (1985:172) ve aos fillos do morgado «como personajes representativos de la clase media, nacidos de la evolución histórica que culmina en el poder de la burguesía capitalista, la cual elimina al feudalismo.

⁶⁰ Para Santos Zas (1993:25-49 e 152-182), «Con las *Comedias Bárbaras* Valle-Inclán se inserta en una tradición literaria que desde el último tercio del siglo XIX se ha ocupado de reflejar en sus obras —con distintos presupuestos

se teñen sinalado as débedas que esta cosmovisión tradicionalista de Valle contrae, entre outras, coa corrente rexionalista de igual sentido ideolóxico que, baixo o liderazgo teórico do profesor de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela, Alfredo Brañas, desenvolve a súa actividade política e xornalística nos últimos 15 anos do século XIX na capital de Galicia.

A REVOLUCIÓN BURGUESA DA SALAZÓN E OS MARIÑEIROS

Convén, sen embargo, estreitar máis o cerco de análise e ampliar as conclusións, poñendo en relación os presupostos sociais e económicos que defendía o tradicionalismo coa especificidade económica dos mariñeiros e da industria da pesca na Galicia do século XIX.



O encascado das redes. Do libro: *Diccionario de las Artes de Pesca*.

TRADICIONALISMO E REVOLUCIÓN BURGUESA

O pensamento tradicionalista pon en cuestión todo o «conxunto de ideas e institucións propios da revolución industrial» e nega «o sistema de valores herdados do S. XVIII e da Revolución Francesa», orixe — para esta corrente— de todos os «males» presentes nas últimas décadas do século XIX: laicismo, positivismo, individualismo, democracia parlamentaria, proletarianización, loita de clases, etc...

Deste modo, son atacados os considerados causantes desta situación: o racionalismo filosófico, o liberalismo político e o que agora máis nos interesa, o programa da Revolución burguesa, de inspiración económica capitalista.

Este programa pretende levar a cabo os seguintes cambios: a «transformación do plural dominio feudal da terra en propiedade capitalista plena, libre e mercantilizable»⁶¹, a «liquidación da organización

— e variados estilos— ese complexo proceso que se desenvolve en España a lo largo de dicha centuria» —«...un momento de cambio social, el paso de la sociedad del Antiguo Régimen a la nueva, burguesa, liberal y capitalista...», «centrando su atención en la comunidad rural gallega y en la figura del hidalgo, relegado o a punto de serlo de su función rectora, y lo hizo «teniendo en cuenta las peculiaridades de su región». Y esta concreción geográfica es fundamental para entender el mundo social que Valle refleja en sus dos primeras Comedias Bárbaras». Así «la crisis del Antiguo Régimen en Galicia aparece como un hecho con matices propios»... «especificidad de Galicia, que reposa sobre su carácter profundamente tradicional que explica la tardanza de su renovación y la resistencia que opuso a las transformaciones que conllevaba el liberalismo; (...). «El fruto de esa persistente resistencia al cambio es el mantenimiento de numerosos elementos del Antiguo Régimen durante todo el siglo XIX: foros, hidalgos, rentas, usos comunitarios...» (1993:156-157)

⁶¹ Tal pretendía a Desamortización en 1836. Sen embargo, en Galicia, ao non ter en conta a especificidade do foro, perpetúa ao longo deste século o dominio plural e a estrutura precapitalista.

política preestatal de carácter feudal e a implantación do Estado capitalista»⁶², o «establecemento das condicións para o desenvolvemento dun proceso de industrialización autocentrado», e, o máis importante para o que nos ocupa, «a implantación da liberdade de contratación da forza de traballo e a eliminación das suxeicións, xerarquías e dependencias na prestación do traballo; e «a implantación da liberdade de industria e comercio a través da abolición dos gremios, corporacións feudais varias e alfándegas interiores»⁶³.

Pois ben, estes dous últimos puntos, si se levan a cabo no mundo que xira arredor da economía do mar. Para Santos Castroviejo⁶⁴ «O século XVIII resolveu as transformacións fundamentais para o abrollar duradeiro da industria da pesca: as transformacións institucionais —coa organización da Armada, a institucionalización das ciencias náuticas e os inicios das ciencias aplicables á pesca, o final do señorío e o debilitamento dos décimos, a organización da xurisdición estatal, etc.—; as mudanzas sociais e tecnolóxicas —coa aparición dunha potente e activa clase de fomentadores de base económico-social capitalista, o desprazamento das forzas máis tipicamente feudais da escena —o clero, a nobreza—, a incorporación de prácticas productivas receptivas ó anovamento tecnolóxico, orientadas ó mercado, potenciadoras das relacións comerciais e desexosas da acumulación do capital; unha

vocación de mercados —os mercados mediterráneos— e unha especialización sectorial —a pesca, especialmente da sardiña—».

En efecto, en primeiro lugar, xa en 1748, as Ordenanzas Xerais da Armada «estableceron a liberdade de pesca e maila abolición da xurisdición señorial e eclesial dos matriculados, que restan dependentes a penas da xurisdicción da Armada: desta forma non hai ningunha traba nos gremios, ordenanzas, veciñanza»⁶⁵ que impida o establecemento de foráneos, como os cataláns⁶⁶. Esta medida contrariou, «a unha poboación cun enraizado sentido comunitario, parroquial, gremial e familiar da vida» e provocou a chegada masiva, a partires de 1750, de «innumerables mercaderes y negociantes, mayoritariamente de progenie catalana»⁶⁷ que recalaron fundamentalmente nas vilas marítimas das Rías Baixas. «Todas las rías fueron visible escenario del dinamismo desplegado por los llamados, en el lenguaje de la época, fomentadores. Pero ha sido en la de Arosa donde tal penetración escaló sus más altas cotas numéricas»⁶⁸.

⁶⁵ En Fernández Casanova. Ed (1998:95)

⁶⁶ Díaz de Rábago (1885:15-20) vía así este momento: «Época de Fomento de la Agricultura, de las Artes y del Comercio fueron los reinados posteriores: arbitrose en aquel movimiento, y con el fin de conciliar en uno el interés de la Armada y el de las industrias a flote de pesca y navegación, como actualmente se las llama, el establecimiento de las matriculas de mar, concediendo a los en estas inscritos el monopolio de las referidas industrias, y abriendo por sus results una cuestión muy reñida, que, a pesar del largo tiempo transcurrido desde entonces, hoy aún no aparece zanjada ciertamente de todo. Corría el promedio del siglo XVIII cuando se inició en las costas de Galicia un acontecimiento que debía cambiar en plazo brevísimo la faz de nuestra industria piscatoria. Desde el año 1750 empezaron a establecerse en nuestras playas, y a apoderarse de las mejores postas los industriosos catalanes...».

⁶⁷ En Meijide Pardo (1973:5-7)

⁶⁸ Continúa Meijide: «El arranque del primigenio empresarismo catalán en esta ría, uno de los ejes pioneros del despegue fabril de Galicia cara al mar, data de la década

⁶² Desaparece o antigo Reino de Galicia coa súa división en coutos e xurisdiccións e créanse as catro provincias.

⁶³ Maiz, R. (1985:326-327).

⁶⁴ En Fernández Casanova. Ed. (1998:116). «o privilexio e foro de Mariña que establecen as ordenanzas de 1748, co establecemento da Matricula do Mar, libera os mariñeiros da xurisdición señorial e eclesial; alivia os pagamentos feudais, inicia unha ofensiva contra os décimos da pesca e establece principios científicos nas actividades piscatorias» (1998:100).

No ano 1828 prodúcese a «extinción definitiva dos décimos da pesca»⁶⁹ que percibía a Igrexa. En realidade, trátase do punto final dun proceso, pois este imposto señorial xa viña sendo cuestionado de tempo atrás por unha burguesía da salga que se negaba a pagalo.⁷⁰

A DECADENCIA E DESAPARICIÓN DOS GREMIOS DE MAREANTES: DESPROTECCIÓN E USURA

Estas transformacións non facían máis que agudizar a lenta e penosa decadencia que arrastraban os gremios de mareantes dende o século XVII. Atrás quedaban os

del 70. pero el ápice del boom atañe realmente al último lustro setecentista y primer quinquenio del XIX.» (...) «Desde 1785 consigue arraigar en Villajuan un nutrido contingente de negociantes catalanes y alzan sus primeras fábricas de salazón con plenitud de éxito. Esta industria escala su punto álgido en el decenio de 1798-1807. En este corto periodo intersecular ya prosperan una veintena larga de factorías catalanas; las más ubicadas en Villajuan, y otras en Villanueva e Isla de Arosa, principalmente.»

⁶⁹ Ver Fernández Casanova. Ed. (1998:129).

⁷⁰ Ver Meijide Pardo (1973: 13-16). Meijide sinala como un «estorbo suscitado al industrialismo», «el diezmo de la mar». «La percepción de este tributo a favor del estamento eclesial ha sido una de tantas trabas vinculables al régimen jurisdiccional o de señorío que ejercieron curatos, colegiatas, monasterios y la mitra compostelana, desde tiempo inmemorial». Continúa, poñendo como exemplo de oposición a este tributo, o conflito que se suscita no ano 1817. Así, «los catalanes dueños de salazones en la isla de Arosa —Barges, Castañer, Colomer, Jover— oponíanse igualmente a satisfacer el diezmo del pescado; tributo que exigían por mitad, el párroco isleño y la comunidad religiosa de Villanueva. Por su negativa a satisfacer el diezmo fueron demandados judicialmente por el prior de Villanueva, en nombre del monasterio compostelano de San Martín, bajo cuya jurisdicción estaba la referida isla. Con tal motivo se sustanció pleito ante la Real Audiencia de Galicia.» O Priorato argüía que de tempo inmemorial tiña dereito a recibir «un quiñón de cada redada» e que era obriga de «todo buen cristiano, conforme a las leyes reales y de la iglesia, pagar a esta los diezmos de mar y tierra». Os industriais pretextaban que «la mar es territorio libre y que si algún incauto lo paga es un abuso». Aducían tamén que, unicamente o gremio de mareantes estaba obrigado a pagalo.

prósperos anos do Medievo e sobre todo o espléndido século XVI. Un Decreto de 1813 (posto de novo en vigor en 1836) emancipa á industria da súa tutela corporativa⁷¹ e en 1864 son definitivamente abolidos.⁷²



Alfredo Brañas

A decadencia e desaparición dos gremios de mareantes facilitou o progreso burgués e capitalista pero estableceu un novo marco de relacións económicas entre os industriais e os mariñeiros estrictamente mercantil, cinxido á oferta e á demanda, no que non había lugar para a beneficencia.⁷³

⁷¹ «Los gremios ya no tuvieron otra importancia y alcanze que cofradías religiosas». Díaz de Rábago (1885: 29)

⁷² «...a supresión das corporacións gremiais integraba un elemento indispensable na transición do feudalismo ao capitalismo. Tratábase como é sabido, dunhas institucións corporativas de artesáns que englobaban no seu interior a mestres, oficiais e aprendices, cuxas relacións se achaban fortemente regulamentadas. Os gremios fixaban asemade con grande minuciosidade até as cuestións máis nímias no referente a impedir a competencia, limitación dos oficios, competencia territorial e funcional, proceso productivo e mesmo participación no goberno da cidade» En Maiz, R. (1984:377).

⁷³ Ver Fernández Casanova. Ed. (1998: 103). «Son os gremios tamén, os que teñen que soste-los seguros mutuos —viúvas, eivados, orfos, pobres...— e polo tanto unha carga adicional acaso importante sobre as actividades piscatorias.» Para Díaz de Rábago (1885:90-98): «Los gremios de mar

Este é precisamente un dos argumentos que o movemento tradicionalista esgrime contra o novo réxime burgués e capitalista, cando solicita un retorno á organización gremial da produción. A abolición destas corporacións, inspirada na doutrina económica liberal, é unha das causas, para Alfredo Brañas, da desorde económica do capitalismo e do industrialismo. Este desbaratou a harmónica situación baixomedieval que o profesor compostelán describe así: «Desde el siglo XIII al XVI las artes y los oficios refugiados en torno de los monasterios y de las abadías pudieron sustraerse a las rapacidades de los árabes, a los atropellos de los grandes y las correrías de las manadas feudales; artesanos y mercaderes se organizaron primero en «cofradías y hermandades» para fortalecerse con la fé y después en «guildas», en

(...) podían considerarse, tanto como asociaciones benéficas para el socorro mutuo de los mareantes en sus necesidades, y ese era legalmente su fin primordial, cuanto como vastas sociedades productoras, asociaciones cooperativas como ya se las ha llamado, que ejercían la pesca con grandes armanzas superiores a la posibilidad y fortuna exigua de cada uno de los inscritos». Asimismo «informábalos como a todos el espíritu religioso»: «un alabado sea Dios! Continúa siendo, en nuestras rías, la fórmula de salutación de dos lanchas que conferencian en la mar» e «en otros tiempos a la levantada precedía el ofrecimiento del Santo Sacrificio en la capilla de la almadraba, y estas capillas hoy, en que ya tales empresas no son servidas por navegantes, se han convertido en chancas». Permanecían, sen embargo, nas confrarías, algúns dos costumes dos vellos gremios: «O 17 de setembro de 1881, vinteito mariñeiros de Vilanova de Arousa, entre os que figura Ventura Pombo (o patrón da «lancha de Ventura»), arrendatario do transporte de pasaxeiros entre Vilanova e a Pobra do Caramiñal, para quen traballa o mariñeiro Rau-Rau no cadro de costumes titulado «Aaau» en *Escenas Gallegas* de Carlos del Valle-Inclán (ver: 2002:65-69), acordan ante notario «que con destino al sostenimiento del culto que se tributa a Nuestra Señora de la Pastoriza (a advocación que invoca Benita la Costurera en Romance de Lobos (459)) en la iglesia parroquial de esta Villa», «dar para eso mismo un cuartón o cuarta parte de la sardina y demás pescado que cojan, exceptuando fanecas, ya trabajan por cuenta propia, ya en participación, ya por estipendio que constituya jornal...».

poderosas «Ligas» para robustecerse con la unión y el auxilio mutuo; y así al amparo de la cruz y bajo las bóvedas del templo surgieron aquellos «gremios de artesanos» que crearon nuestras clases medias y sur-



Joaquín
Díaz de Rábago

gieron los «Concejos», fundamento y raíz de nuestras libertades populares y por la fe se evocaron el conjuro de la iglesia Católica las Universidades pontificias que disiparon con los vivos destellos de la verdad las densas tinieblas de los siglos medios». ⁷⁴

⁷⁴ O causante primeiro da cadea de abolicións gremiais que se estende por Europa é —para Brañas— o ilustrado ministro francés Turgot, quen, no reinado de Luis XVI inicia tal clase de medidas no seu país: «Siempre de los apóstatas y renegados han venido las más estupidas heregías (sic) y los más crasos errores; Jacobo Turgot, seminarista y aprendiz de clérigo, que colgó los hábitos por satisfacer sus concupiscencias y sus pasiones, preparó con sus planes económicos, en el reinado de Luis XVI, la gran catástrofe de la revolución francesa. Educado por los enciclopedistas, Turgot fue elegido para matar de un golpe la organización económico cristiana y sentar los preliminares de la ciencia de Smith, impersonal, egoísta y escéptica. Y ese desdichado, ministro del más desdichado de los monarcas franceses, decretó la abolición gremial y rompió los lazos profesionales entre los patronos y los obreros y proclamó el individualismo del trabajo que produjo al poco tiempo, la explotación del débil por el fuerte, las iniquidades del capital anónimo, los excesos (sic) de la grande industria y como consecuencia funesta de todo ello el socialismo, radical la impiedad del proletariado, y el ensangrentado espectro del anarquismo con sus bombas explosivas y sus puñales envenenados». («Discurso pronunciado por Alfredo Brañas en

Se comparamos este texto do catedrático compostelán con algunhas das palabras pronunciadas polo seu alumno Valle-Inclán ao valorar os distintos momentos da Historia de España nunha conferencia dada no Círculo Tradicionalista de Barcelona en 1911, aínda dentro desa etapa que os biógrafos caracterizan pola súa significación tradicionalista, saltan deseguido á vista as analoxías ideolóxicas existentes entre ambos, marcadas por un común pasadismo filomedieval: «pero antes hay que ver cómo preferimos transformar este sentimiento cristiano en una comunidad y en un prestigio nacional. Sólo cuando se consolida ya este sentimiento en España, nace aquel otro que parte de la hermandad. Toda España es, en la Edad Media, una gran hermandad. Aquí podemos decir que no hemos tenido el feudalismo, en cuanto el feudalismo significa la imposición de un hombre sobre los demás. Nuestro feudalismo fue de hermandades, no individual» (...) «Esta hermandad se afianza y se afirma cuando los reyes, al conceder privilegios, prefieren darlos, antes que a los señores, a las villas, porque encuentran más apoyo que en la acción individual en los guerreros valerosos. Muy tarde es cuando empiezan a aparecer ya los linajes... no existían aquí los privilegios concedidos a los linajes. Existen, en cambio, los concedidos a las villas, los concedidos a las comunidades, los concedidos a los gremios...».⁷⁵

En cambio, o seu titor na época de estudante en Santiago, Díaz de Rábago, economista de forte espírito católico pero

el certamen literario y musical, celebrado en el día 2 de febrero por el «Círculo Católico de Obreros» de Ferrol.» En Maiz, R. (1985: 249-250).

⁷⁵ En Valle-Inclán, J y J. (1994: 77-78).

de ideoloxía liberal,⁷⁶ reconece a inviabilidade do gremio na economía de libre mercado a causa das súas ríxidas ordenanzas, inherentes a esta corporación de orixe medieval. Califica ao gremio de «molde que la excesiva reglamentación fue haciendo de día en día más estrecho, precisamente cuando los inventos, que se sucedían sin intermisión, lo reclamaban más amplio», e engade que «La institución gremial en general, tal como se había ido reforzando por el egoísmo de clase, trababa demasiado el trabajo para que pudiese subsistir»—,⁷⁷ pero, sen embargo, advirte que a «consecuencia de la revolución que en el modo de ser de la industria pesquera y salazonera produjo la inmigración catalana (...) sobrevivieron abusos de especulación y casos de explotación de la marinería», situación, ao parecer, novidosa, que provoca que a partir dese momento se bote «de menos la institución gremial que la amparase». «Mejor

⁷⁶ Alfredo Brañas, encargado de prologar as *Obras Completas* de Díaz de Rábago, publicadas póstumamente no ano 1899 preséntao así: «Entre los más doctos y brillantes economistas españoles de la presente centuria, se destaca vigorosamente la figura del amigo inolvidable, del perfecto caballero cristiano, del hombre de estudio, del infatigable propagandista del crédito agrícola, del discípulo predilecto del maestro Sanromá, del ilustre Díaz de Rábago, en fin, que ha dejado en el mar sin orillas de la ciencia una estela luminosa que jamás ha de borrarse. Aunque lo mismo espigó el Sr. Díaz de Rábago en el campo de las ciencias jurídicas que en el de la sociología y el de la literatura, era ante todo y sobre todo economista...» (1899: I); Engade tamén «Era Díaz de Rábago un economista individualista de buena fe, que aceptaba en gran parte las doctrinas de la escuela clásica, pero que no cedía un ápice en lo referente a la cuestión religiosa cuando esta, de cerca o de lejos, se relacionaba con la cuestión obrera. En esta materia profesaba Díaz de Rábago aquella máxima de la Condesa Diana, citada por el sabio y malogrado jesuita P. Victor Van Tricht en su folleto «El Obrero»: «la caridad del pobre es querer bien al rico». Y es que no se puede ser católico y comulgar con los individualistas o con los socialistas en la resolución del problema obrero». (1899: LXX). En «Don Joaquín Díaz de Rábago y sus obras económicas» Prologo de Alfredo Brañas a Díaz de Rábago. En Brañas, A. (1899).

⁷⁷ Díaz de Rábago (1885: 90 e 93).

hubiera sido transformarla, disponiéndola de suerte que se acomodase a las necesidades y exigencias de la época, que no violentamente suprimirla; porque no andamos tan sobrados de espíritu de asociación» conclúe o economista de Muros. Recolle, asimesmo Díaz de Rábago, a apoloxía que dos gremios de mareantes facía un inspector xeral de matrículas en 1787, na que se describía a forma en que estas institucións aseguraban economicamente a viúvas e orfos; dicía así: «Gremios enteros, entran en compañía a las viudas y huérfanos, poniendo cada uno su pedazo de red y sacando su parte o quiñón a proporción del retazo que agregan: y asociados de este modo, aunque tomen para su alivio partidas del Montepío, está el fondo del Gremio, como unido en las ganancias, en estado de responder al pago.»

Destá forma, se temos en conta a polémica supresión dos gremios e o estado de desprotección en que quedan os mariñeiros, adquiren pleno sentido os acontecementos que se dramatizan en Romance de Lobos. Non son os mendigos os que desencadean o proceso de conversión de Don Juan Manuel Montenegro, son a viúva do mariñeiro afogado e os catro orfos os que provocan a metamorfose do fidalgo e o impulsan a ir cara a casona cando sabe que os seus fillos non atenderon a manda de caridade. A viúva do mariñeiro non forma parte dun mundo arcaico, precapitalista, nin, en boa lóxica co que levamos dito, medieval. O que sucede, en realidade, é todo o contrario: como acabamos de ver, xa desapareceu a institución gremial, propia do mundo económico feudal, que evitaba a súa desprotección económica en caso de viudedade e é precisamente o novo sistema económico capitalista, que marca as novas regras socioeconómicas, o que deixa no máis absoluto desamparo a esta viúva e aos catro orfos neste último tercio do século XIX.

Valle-Inclán pon, desta forma, en evidencia —desde un posicionamento tradicionalista— ao capitalismo e ao liberalismo (tal vez representado polos fillos do vinculeiro), que tras prometer liberdade, igualdade e fraternidade como consignas revolucionarias, abandona, cando se transforma en poder, aos máis desfavorecidos:

LA MUJER.— ¡...Y tenían dicho que darían socorro a las viudas y a los huérfanos! (...)

LA MUJER.— ¡Tiempo de tormentas!... ¡Tiempo maldito!... ¡Misericordia para los pobres!... (...) ¡Tiempo de dolor!...

A desaparición dos gremios de mareantes é tamén a causa da dependencia que os mariñeiros tiñan de usureiros e especuladores como Don Ginero en *Los Cruzados de la Causa*, no momento de solicitar un crédito que financiase a compra ou renovación de aparellos de pesca e embarcacións ou para amortecer cun empréstito un mal ano de capturas. Estas funcións recaían antes no gremio.⁷⁸

⁷⁸ Díaz de Rábago (1885: 82-83). «Tal es el estado presente de nuestra clase pescadora, que deja mucho que desear... (...) A la fase primitiva que recorrió esta industria —refírese ao sistema de produción dominante nos séculos XIV-XVI, cando as vilas e cidades marítimas, fundamentalmente Pontevedra, Noia, Muros e A Coruña exportaban peixe salado a varias prazas do Mediterráneo catalán e italiano, e tamén, aínda que xa en decadencia, ao XVII—, la fase de la pequeña industria, en que eran unos mismos, aislados o en compañía o corporación, los que pescaban y los que salaban o ahumaban y exportaban los pescados, ha sucedido otra fase, que podemos llamar de la grande industria indistinta, en que los fabricantes que preparan, modifican y exportan los pescados son los empresarios en grande de su pesca. Empiezan a tomar otro rumbo las cosas y deslindarse más las operaciones: la pesca, constituida como pequeña industria, se va separando de la fabricación, organizada como grande, y los pescadores y los fomentadores forman en categorías económicas distintas. Por tales desprendimientos y delimitaciones han ido pasando sucesivamente también las demás industrias». É dicir, proletarízanse os mariñeiros e aburguesanse os patrianos propietarios e os fomentadores. E engade «Pequeña industria (refírese aos

Díaz de Rábago, cando propón a creación de asociacións ou cooperativas que subsanen este problema, á vez social e económico, lembra que as corporacións gremiais cumprían estas funcións: «Reunidos en asociaciones libres, llámásense o no cooperativas, que el nombre tiene poca importancia, pudieran los marineros afrontar con provecho propio y hasta de los mismos fomentadores, la crisis actual de transición de un régimen a otro en que toda esta industria se agita convulsa. Como ya en siglos pasados, los pescadores, tendrían medios y posibilidad de valerse de los grandes artes sardinales. (...) El crédito personal de todos unidos, asegurado por virtudes económicas de previsión, no presuntas, sino probadas por algún ahorro anterior, ha sido la base sobre que han construido sus maravillosos resultados las asociaciones que más pudieran convenir y aplicarse a las necesidades industriales de nuestra clase pescadora: las de crédito, las de primeras materias y las de trabajo o sea utilización de máquinas. (...) ¡Cuánto y cuanto es de lamentar que los elementos de socialización, permítase la palabra, que los gremios ofrecían, hayan sido de una plumada destruidos!»⁷⁹

Así se explica que a familia mariñeira de *Los Cruzados de la Causa* teña que acudir á usura a causa de calquera das necesidades antes mencionadas, e por ese presente estado de cousas, a muller quéixase ante Don Ginero dicíndolle «¡Son tan malos los tiempos!» (686).

Nesta situación, —desaparición da protección social, dos seguros mutuos—, que

pescadores) e industria ahogada, son frases casi sinónimas: fáltale el capital, y fáltale como su reflejo el crédito: la prosperidad en estas condiciones suele ser un sueño, el dorado sueño de Asfallo que despierta de su misérrima choza de pescador».

⁷⁹ Díaz de Rábago (1885: 99-102).

condea á miseria á poboación máis empobrecida, o exercicio da caridade cristiá emerxe como solución dramática que determina e encauza ideolóxicamente o final das *Comedias Bárbaras*. Don Juan Manuel redime os seus pecados ao final de *Romance de Lobos* por medio da caridade coa viúva e os orfos (e tamén cos mendigos) e, xustamente, morre loitando contra os que a negan, os seus fillos. Antes, xa lles dixera, precisamente, aos mendigos: «¡Pobres miserables, almas resignadas, hijos de esclavos, los señores os salvaremos cuando nos hagamos cristianos» (*Romance de Lobos*: 466). É dicir por medio da caridade cristiá.

A interpretación desta solución debe facerse tendo en conta, tanto o momento de ambientación das tres obras (entre 1873 e 1876), como o tempo de escritura das mesmas (1906-1907 aproximadamente), pois as circunstancias sociais e económicas variaron considerablemente a partir de 1895.

1) Tempo de ambientación. Como antes se comentaba, Dionisio Pereira⁸⁰ considera o período 1870-1895 como o de máxima desprotección do mariñeiro, especie de «lapsus» desorganizativo entre o momento final dos gremios (1870) e a progresiva organización e asociación que se produce neste sector cando nos últimos anos do XIX e comezos do XX teña lugar a aparición e desenvolvemento da «revolución industrial» da conserva de peixe que da man do crecemento industrial e capitalista leva o conseguinte aumento e especialización do proletariado.

Sen embargo, os primeiros, aínda que tímidos movementos sociais, xa se dan neste momento. Isto ven coincidir, situán-

⁸⁰ Pereira, D (2002: 10-11).

donos nun marco xeográfico máis amplo, co constante proceso de industrialización que se produce en Europa ao longo do século XIX, que conduce a que a finais desta centuria, o grao de proletarización e urbanización sexa considerablemente máis elevado. Sen embargo, este progreso industrial, ao estar inserto nun marco político e económico completamente liberal, propicio ao capitalismo «salvaxe», agudiza as desigualdades sociais, ao carecer de medidas correctoras das abismais distancias económicas, cada vez maiores, entre as distintas clases sociais. Neste contexto é onde nacen e se expanden os movementos sociais de signo socialista e anarquista.⁸¹

Ante este rumbo socioeconómico que emprende a Europa finisecular, a Igrexa, que ao longo de papado de Pio IX, centra os seus ataques na revolución liberal burguesa⁸², reorienta, no pontificado de León XIII as súas diatribas cara as novas ideas socialistas e anarquistas, á fin e ao cabo, produto ideolóxico derivado do racionalismo e consecuencia social do capitalismo.

⁸¹ Díaz de Rábago, ao tratar no seu traballo sobre a pesca, a «cuestión obrera» ve «problemas que son principalmente pavorosos porque la pasión política los envenena y disloca». Tamén lamenta «los abusos y la avaricia y la dominación feudal de los industriales, y los abusos y la envidia y la degradación de los operarios» Ver Díaz de Rábago (1885: 6-7).

Valle-Inclán, en entrevista a Gregorio Campos, para *El Correo Español* de Madrid (4-XI-1911): «El problema societario entra de lleno en el problema nacional, que muchos creen ser de cultura cuando es esencialmente moral. Después ahonda más las diferencias, un egoísmo señalado en ciertas clases elevadas, y el odio reconcentrado en las inferiores, y en ambas, un meditado alejamiento del sentir cristiano; hace falta caridad en unos, dejación del orgullo en los otros.» En J y J del Valle-Inclán (1994: 86).

⁸² Con encíclicas como «*Qui pluribus*», «*Quanta Cura*» ou o «*Syllabus*». Ver Maiz.R (1984: 316). «Aínda ecoaban en Europa as durísimas críticas que o papado fixera ao liberalismo en canto orde revolucionario nos máis diversos campos: filosófico (racionalismo), político (democracia parlamentaria), económico (capitalismo)....».

É cando postula a doutrina denominada «catolicismo social», que toma forma mediante a formulación da encíclica «*De rerum novarum*» en 1891⁸³. Nesta, procédese a «unha reactualización do tradicional antiliberalismo da Igrexa dándolle unha nova perspectiva: aos anteriores males da modernidade víñase engadir o feito de ser causa da problemática social que pretendía vanamente resolver as erróneas teorías do movemento socialista». O papado intervén «perante a necesidade de ofrecer unha alternativa eclesial e integradora á clase obreira, cuxa recente afiliación ao socialismo e anarquismo supuña unha paralela alleidade á Igrexa: tal sería o cometido do catolicismo social. A aplicación dos principios da caridade cristiá á relación entre capital e traballo»⁸⁴

É así como a Igrexa promove as primeiras asociacións e sindicatos que rivalizan cos de clase que, de forma simultánea a estes, estaban comezando a agromar en Galicia. Así, no mundo do mar «Voces provenientes da Igrexa Católica denunciaron a situación de indefensión dos pescadores, criticaron a desfeita dos gremios sen antes reformalos salvando algúns dos seus servizos, e alentaron a constitución de asocia-

⁸³ «A encíclica «*Rerum Novarum*» sobre a condición dos obreiros de León XIII, 15 de maio de 1891, supuxo o apoio aos plantexamentos do catolicismo social. Nesta encíclica, recoñecida a existencia dunha «cuestión social», combátase primeiramente a «solución falsa do socialismo» tanto polo que respeita ás teorías da loita de clases como á abolición da propiedade privada. Postúlase seguidamente como «verdadero remedio» a intervención da Igrexa que se fundamenta en dous principios xerais: a necesidade de desigualdades e sufrimentos derivados da condición humana e a necesidade da unión mutua entre as clases. (...) E, finalmente, chámase unha intervención específica cristiá no terreo social co obxectivo de contrarrestar as únicas alternativas —socialistas, comunistas...— existentes nese campo: Acción Católica, asociacións profesionais, sindicatos católicos.» Maiz.R. (1984: 315).

⁸⁴ Maiz, R. (1984: 315-316).



Traballadoras da fábrica Massó. Cangas. Do libro: *Galicia: O oficio de vivir*

cións relixiosas para o socorro dos mariñeiros desamparados». (...) «...o Bispo da Diocese de Tui «profundamente conmovido con la narración de los naufragios y otros siniestros marítimos acaecidos poco tiempo há en nuestras costas», artellou en 1886 unha asociación para, por medio de párrocos, encanar a caridade para con as familias dos náufragos».⁸⁵

⁸⁵ Pereira, D. (2002: 10-11): para este autor, «Outras voces vencelladas ao catolicismo social, como Joaquín Díaz de Rábago ou Alfredo Brañas, compartiron a mesma postura da xerarquía católica e alentaron asociacións de pescadores que recollen a triple funcionalidade mutualista, cooperativista e de crédito. Brañas, saudoso dos vellos Gremios, constituíu en 1894 na vila de Cambados a «Asociación Cambadesa de Marineros», baixo a advocación da Divina Pastora. Esta entidade, pioneira do asociacionismo mixto na beiramar da Galiza, nacia en principio para tentar suprir as necesidades de asistencia médica e socorro ás viúvas en caso de morte, que ninguén cubría. Aínda que outros, caso dos redactores do xornal pontevedrés «Unión Republicana», opinaban con retranca que a Asociación máis ben debía chamarse «La Funeraria», xa que o seu obxecto principal non

2) Tempo de escritura. A partir da última década do século XIX, ten lugar nas Rías Baixas, propiciado por unha serie de factores de tipo técnico e económico, o desenvolvemento da industria conserveira de peixe. Este proceso, deu lugar a un espectacular aumento do número de fábricas⁸⁶ e en consecuencia de operarios nas mesmas. Tamén repercutiu no tamaño e mecanización nas embarcacións (máis mariñeiros a bordo, vapor).

era outro que «dar velas para el velatorio y entierro de las que mueran y una cantidad para pagar sacerdotes que asistan a los funerales» («Unión Republicana», Pontevedra, 7-9-1894)».

⁸⁶ «Desde principios de século as fábricas en Galicia pasan de 36 en 1900 a 74 en 1905 e a 106 en 1907, mentres que as exportacións de conservas polo conxunto dos portos galegos medraron de 2808 como media en 1896-1900 a 6278 en 1901-1905. Para que as conservas galegas mantiveran esa liña ascendente nos mercados e resultaran competitivas en prezos, os conserveiros promoveron as

Este progreso capitalista, agrava as tensións sociais, que acaban dando paso á conseguinte proliferación do sindicalismo de clase, pero tamén e ao mesmo tempo, ao asociacionismo mixto antes sinalado.

Cando Valle-Inclán escribe as obras das que nos ocupamos, o presente no mundo do mar xa tiña dado un paso máis, e esta vez moi importante, no camiño da transformación industrial, capitalista e social da vila da beiramar na que nacera. É polo tanto altamente significativo que á altura de 1907, prantexe o lenitivo da caridade como saída ao problema social que se prantexa nas pesquerías, no transito das estruturas do vello ao novo Réxime. A significación tradicionalista desta solución cobra, aínda se cabe, máis sentido se temos en conta que en 1919, no tempo no que reside na Pobra do Caramiñal preside o Sindicato Agrario Católico Obrero desta vila arousá, que á sazón ten como tesoureiro a Andrés Díaz de Rábago, fillo do economista e teórico do cooperativismo compostelán.⁸⁷

A IDEALIZACIÓN DO PASADO: AS VILAS MARÍTIMAS MEDIEVAIS COMO ARQUETIPO DE VIANA DEL PRIOR

Cando Valle-Inclán presenta a Viana del Prior ou a Flavia Longa nas acotacións das *Comedias Bárbaras* ou no decurso narrativo de *Los Cruzados de la Causa*, sempre o fai rodeándoas dun prestixio arquitectónico

artés de maior capacidade productiva...» Fernández Casanova (1998:142).

⁸⁷ Ver: Martínez Lopez, Alberto: «Valle-Inclán e o sindicalismo católico». *La Voz de Galicia. (Cultura. Cuaderno de Letras, Artes y Pensamiento. Año III. Nº 99)*. 29-VII.1982.

e urbano que nos remite a un arquetipo que se proxecta como suma e resumo das vilas marítimas que se fundan en Galicia entre os séculos XII e XIV⁸⁸ e se desenvolven entre este último século e o XVI, grazas ao comercio marítimo que as pon en relación con outras prazas europeas que pechan un arco que, partindo de Xénova, alcanza aos portos de Inglaterra e Flandes.⁸⁹

A IDADE DE OURO

A partir do século XIV⁹⁰, alcanzan gran actividade comercial os tres grandes portos

⁸⁸ «Esa creación ou recreación de vilas costeiras tivo lugar a través dun proceso repoboador, concretado na concesión de «cartas puebla» e «fueros» con certos privilexios. A finalidade era económica. Nel participaron os reis e os bispos de Santiago, con intereses non sempre coincidentes. Tratábase de canalizar a riqueza que xeraban estes centros pesqueiros e de comercio. No século XI foron os bispos de Santiago os interesados en crearen condicións de certa estabilidade para o fluxo de peregrinos e mercancías que chegaban aos portos de Faro (A Coruña) e de Padrón; as medidas de Xelmírez para poñer freo, a principios do século XII, ás incursións normandas e sarracenas foron eficaces neste sentido. No século XII foron os reis os que lideraron o movemento repoboador, inicialmente na área de influencia de Compostela. Na década de 1160 fundáronse Noia e Pontevedra, que pasaron pouco despois a poder do arcebispo compostelán. En 1171 concedéronlle fueros a Tui. Na seguinte década o interese volcouse cara os portos cantábricos, dando lugar ás cartas fundacionais de Ribadeo e Viveiro. No 1201 fundouse Baiona cun fin claramente mercantil, e polas mesmas datas A Guarda. Tamén destes primeiros anos do XIII é o interese por reforzar a dinámica vila da Coruña e a fundación de Betanzos, en 1219. O proceso repoboador continuou nas décadas seguintes. (...) Deste xeito, a fins do XIII e principios do XIV está definido o poboamento da Galicia litoral. Entre 1230 e 1380 tivo lugar o proceso de crecemento das vilas litorais galegas, en tanto que entre 1380 e 1520, aproximadamente, son anos de plenitude, como ben explicou Elisa Ferreira (1988), unha plenitude que se estendeu, nesas cidades costeiras, ata fins do XVI. Un rasgo que caracteriza este longo período foi a entrada de Galicia nos circuitos comerciais, atlánticos e mediterráneos; pesca, salgadura e comercio son as tres vertentes que personalizan esta fase da Galicia marítima.» Vallejo Pousada (159).

⁸⁹ Ver: Ferreira, E. (1988: 45-418).

⁹⁰ «Al desembocar en el último tercio del siglo XIV, la Galicia marítima aparece a la vista del estudioso ya madura

de señorío arceobispal das Rías Baixas (Pontevedra, Noia e Muros)⁹¹ e outros de menor importancia⁹² como, por exemplo, Vilanova de Arousa⁹³ ou A Pobra do Caramiñal, entre varios, coa exportación de salazóns ao Mediterráneo e, en menor medida nos das Rías do sur de Galicia, co comercio doutros produtos cos portos da fachada atlántica europea.⁹⁴

Esta actividade comercial, provoca mudanzas no mapa urbano de Galicia. Así, a

y configurada en su estructura administrativa, su régimen aduanero y de alfólies, con su industria pesquera y su construcción naval ya lanzadas y con un perfil bastante neto de sus mercados y áreas de actividad, y de las villas por donde esta actividad se canaliza». Ferreira, E. (1988:81).

⁹¹ «El señorío sobre los puertos de las Rías Bajas y el acceso a una parte considerable de sus rentas reales va a situar a la Iglesia de Santiago en una posición privilegiada de cara al futuro: un futuro que estaba a la vuelta de la esquina, cuando la riqueza pesquera permitiese a estas villas, infravaloradas hasta entonces, dar todo su juego en el mapa económico de la Galicia litoral». Ferreira, E. (1988: 91). «A partir de fines del siglo XIV, Galicia encuentra su identidad dentro de la marisma de Castilla y se convierte en una auténtica potencia exportadora de pescado, mientras al otro extremo de la costa Vizcaya monopolizará el comercio y transporte de hierro y lana. El centro de gravedad del comercio marítimo se desplaza desde los puertos de la Galicia cantábrica a las Rías Bajas. Los beneficios de la industria pesquera parecen revertir directamente en el armamento naval, que desde esa época se observa en pleno ascenso. Este viraje fue posible gracias a la pesca, de importancia capital por ser una de las fuentes de riqueza que, por consenso general, se atribuía a las villas arzobispales, las más prósperas de Galicia.» Ferreira, E. (1988: 129).

⁹² «...tal vez por una intuición de que el futuro mercantil de las Rías Bajas estaba en su exportación de pescado, señores laicos y eclesiásticos se van a dedicar, a partir de ese momento, a potenciar esta actividad, obteniendo privilegios para ella y fundando puertos secundarios dentro de cada ría.» Ferreira, E. (1988: 91).

⁹³ Algúns tiñan como orixe cabanas de pescadores «que se montaban en la temporada de pesca veraniega» e que «dieron origen, cuando se levantaban en tierra firme, a puertos permanentes como Villanueva de Arosa». Ferreira, E. (1988: 55).

⁹⁴ Panos, viño, coiros, ferro, a veces gran, mel, especias, froita fresca e seca e tamén produtos de luxo cuxo mercado monopolizaban Pontevedra e Santiago.

Ría de Arousa, «Antes solitaria y despoblada, en vísperas de la segunda guerra irmandiña estaba rodeada de florecientes puertos pesqueros, nacidos en su mayoría de colonias provisionales de pescadores, que la nobleza había conseguido fijar en sus tierras a base de concesiones y privilegios: Villanueva de Arosa, Villagarcía, los Groves (S. Martín y S. Vicente), Rianxo, Palmeira»⁹⁵; «La orilla Norte estaba bajo el control directo de Padrón, que tenía el privilegio» de que «en toda la costa desde la punta de Aguiño hasta la villa, no se hiciese carga, descarga, salazón ni exportación de sardinas sin su permiso». Sen embargo, «habían ido surgiendo algunos puertos pesqueros dependientes de la villa; los más importantes eran la Puebla del Deán, de señorío del Deán compostelano, y Rianxo».⁹⁶

Ás riquezas destas novas vilas de mercaderes, mariños e mareantes⁹⁷ acode a nobreza desde as súas posesións rurais para construír alí a súa nova residencia urbana mariñán que han alternar co pazo na campiña.⁹⁸ Reparemos en que, na fic-

⁹⁵ Ferreira, E. (1988: 97). «En 1455 la villa de Caldas, al interior, acusaba su despoblamiento «por quanto en las rías de alrededor de la dicha villa de Caldas, en señorío de los caualleros se feseron muchas probasons (poboacións) e puertos de mar e se fasen ferias e mercados cada mes e sus logares son ricos, e la dicha nuestra villa se va a destroyson e despoblaron e nuestros vasallos reciben en ella grandes pérdidas e daño en sus fasendas...».

⁹⁶ Ferreira, E. (1988: 97).

⁹⁷ Ferreira, E. (1988:305-356). «La marinería, el «marinaje», es el oficio de los navegantes de altura. Los hombres que lo practican se agrupan en cofradías, bien diferenciadas, en Galicia al menos, de las de los mareantes» (335) estes últimos «dedicados a faenas de pesca a gran escala, con artes que requieren una fuerte organización de equipo y agrupados en cofradías bien diferenciadas de la de los marineros, aunque muy vinculadas entre sí» que «son auténticos gremios a todos los efectos», constituían «una auténtica aristocracia surgida de entre los pescadores, constituían un grupo urbano, vecinos y moradores de las villas donde desarrollaban su actividad».

ción literaria valleinclaniana, tanto o Marqués de Bradomín como Don Juan Manuel Montenegro posúen pazos e casonas tanto no campo como na vila. Este último inicia as *Comedias Bárbaras* no seu pazo solariego de Lantañón (cerca da actual Caldas) e continúa o ciclo nas súas residencias urbanas das marítimas Viana e Flavia.

Da riqueza que arriba desde Xénova, Barcelona, Valencia, etc. a bordo das naos, cocas, balleneres, carabelas, pinazas, baixeis e trincados e que xestionan mercaderes e mareantes, benefíciase a Igrexa de Santiago que cobra o «dezmo do mar»⁹⁹, mais a estas vilas tamén acodiron a instalarse as ordes relixiosas¹⁰⁰, e, en particular, as mendicantes de franciscáns e dominicos que erixiron as súas características igrexas de orde gótica a carón dos templos que sufragaron os gremios de mareantes como a basílica de Santa María a Maior en Pontevedra, a máis representativa das desta orixe.¹⁰¹

98 «...la competencia entre las villas con los señores de las tierras circundantes que intentaban a su vez sacar beneficios de la pesca y orientar hacia ella las actividades de sus vasallos, ocasionaron roces entre estos grupos y frecuentes infracciones a los privilegios». Ferreira, E. (1988: 132).

99 Son vilas de señorío arcebispa de Santiago, que nomea xuíces e cobra o «dezmo do mar». Faino directamente ou con intermediarios como sucedía en Vilanova de Arousa co Prior de Cálogo ou na Pobra do Deán (hoxe do Caramiñal) con esta última dignidade eclesiástica. Non é casual que na ficción literaria, tamén á vila de Viana, se lle dea un nome que a relaciona con este tipo de dependencia señorial.

100 «Prácticamente todos los monasterios del Cister tienen un manifiesto interés por situar puestos avanzados en los núcleos urbanos, y muy especialmente en las villas marieiras: Productores por excelencia de algunas de las principales materias primas del comercio de exportación —vino, madeira, cueros—, señores de pescadores en sus territorios costeros, su papel en la alimentación de los circuitos comerciales es fundamental, ya que los excedentes que no consumen aparecen en los núcleos urbanos» Ferreira, E. (1988: 351).

101 En Vilanova de Arousa, a información compilada no *Libro de Fuegos do Priorato de Cálogo* «permite confirmar que, tal e como era costume a comezos do XVI, as

Pero co século XVII chega a decadencia. A partir desta centuria, «o estrangulamento dos fluxos do dinámico comercio exterior de Galicia»¹⁰² foi «un factor decisivo da decadencia das urbes galegas costeiras». Desta forma, «non é casual que nos séculos XVII e XVIII medren os núcleos urbanos interiores, sede de rendistas e artesáns vencellados co consumo rural (...) en tanto declinan as vilas do litoral»¹⁰³. «O feito é, en calquera caso, que a sociedade galega se ruralizou e os comportamentos das clases directoras caeron de cheo niso que se ten chamado rendismo da sociedade señorial. Nesta, a renda da propiedade será a máxima aspiración, o signo que marcará o estatus e definirá o poder económico e social».¹⁰⁴

A partir deste momento, Inglaterra monopoliza este mercado da salazón, e a maioría destas vilas decae ou sobrevive dun reducido comercio de peixe con Portugal ou da exportación de agrios a Francia e Inglaterra. En todo caso, deixan de ser centros de activos mercaderes e ricos mareantes para

confrarías decidiron iniciar o labor de padroado artístico que pretendía unha anovación figurativa encamiñada a modernizar a imaxe do templo medieval; para elo, os membros da Confraría da Nosa Señora decidiron encargar un retábulo dedicado á Virxe para a Capela Maior da igrexa monástica». Moure Pena. (2000: 74).

102 Vallejo Pousada atribúe este estrangulamento ás guerras da Casa de Austria con Portugal e Inglaterra, á recesión da actividade industrial e á caída da poboación nas coroas de Castela e Aragón, produto dunha crise múltiple, ás epidemias, e á inestabilidade monetaria da Coroa de España neste período.

103 No XVII, en plena decadencia, recórdase ao porto de Vilanova de Arousa como «de lo más rico y de más trato que había en aquella parte (...) y testimonio dan de esto las muchas y buenas casas que están caídas oi en día y otras que no se habitan por falta de moradores y los cercos que cesaron allí de la sardina que en opinión de los pescadores es trato que requiere buen caudal». En Seijas Montero. (1999:428).

104 Vallejo Pousada (162 e 172).

convertirse en residencia dunha fidalguía que vive de rendas agrarias.

É evidente que as dúas vilas que Valle-Inclán recrea na súa obra —sobre todo Viana del Prior— responden por similitude historico-xeográfica e por prototipos arquitectónicos e artísticos ao arquetipo que resume esta tipoloxía urbana, a da vila marítima galega de orixe medieval, e moi en concreto, as de señorío arcebispa das Rías Baixas.

Sen embargo, hai que apuntar que o autor vilanovés nunca presenta a Viana como cabería esperar que fose entre 1873 e 1876, tempo en que se fixa a ficción literaria, senón que elide elementos, que a esa altura do século XIX, xa forman parte sustancial da morfoloxía urbana deste tipo de vilas. Referímonos, claro está, á presenza desde mediados do XVIII dos fomentadores cataláns, que impoñen a súa pauta arquitectónica (fabricas de salazón, mansión burguesa coa típica palmeira...), nos arrabaldos pesqueiros e nas praias urbanas, aos que Valle aplica unha elipse narrativa.

Esta eliminación, evidencia o desagrado que o autor sente cara o presente (XIX) e a idealización que ao evocar as vilas gremiais medievais proxecta sobre o pasado. Esta desigual valoración nace, non só da súa posición, neste intre, a prol da tradición, senón que tamén reproduce a avaliación que tanto a historiografía liberal como a tradicionalista estableceron sobre os diferentes periodos da historia de Galicia.

A HISTORIOGRAFÍA GALEGA DECIMÓNICA E VALLE-INCLÁN: O ESPLENDOR DO XVI E A MISERIA DO PRESENTE

O século XIX —sobre todo o período que vai de 1840 a 1890—, momento crucial de paso á sociedade moderna e industrial, é habitualmente considerado como

unha etapa nefasta na historia económica e social de Galicia.¹⁰⁵ A consciencia disto provocou que a historiografía galega desta centuria, mirara ao pasado, non só como tempo no que procurar as raíces e a construción histórica nacionais, senón tamén como tempo histórico ao que evadirse en busca de momentos de máis brillo e prestixio que o gris e mediocre presente. A rama tradicionalista (por exemplo o coengo López Ferreiro), atopou, ademais, nestas prosperidades pasadas, razón crecida para denostar a decadencia do «presente burgués»¹⁰⁶. Pois ben, a Idade Media, cos seus máis relevantes fitos históricos —Xelmírez, Irmandiños, así como o esplendor comercial e urbano que estamos vendo—, foi xunto cos remotos Celtas e os históricos Suevos, un dos momentos máis idealizados.

É así, frecuentemente lembrado, con nostalxia romántica, tanto en artigos e tratados sobre historia de Galicia, como nos tan correntes libros de viaxes, o esplendor económico e comercial perdido destas históricas vilas e cidades e continuamente


¹⁰⁵ Xan Carmona (1998), explica como a protoindustria que se desenvolve no último tercio do XVIII, cae con estrépito a partir da década dos corenta do século XIX, incapaz de transformarse en industria moderna. Tal sucede co sector textil do liño, desprazado pola moderna industria algodoeira inglesa e catalana, e coas ferrerías tradicionais e Sargadelos. Os sectores de curtume da pel e da salga, non desaparecen, pero sobreviven lánguidos, ata que a final de século, aquel desaparece e este se transforma e da lugar á aparición da industria conserveira. Como é ben sabido, algo similar sucede na agricultura, coa pervivencia do foro e a permanencia das vellas estruturas agrarias ata que se producen os primeiros cambios na última década do século XIX.

¹⁰⁶ Son ben significativas a este respecto as comparacións que establece entre pasado e presente (Titula así os apartados adicados ao século XIX: El Concejo compostelano en este período.— Causas de su decadencia.— Tendencia del parlamentarismo a substituír todos los organismos históricos y tradicionales por uno solo central.), no libro *Fueros Municipales de Santiago y su Tierra*. (1895).

comparado co presente mortecino no que viven a fins do XIX.

Murguía, en 1885, ao percorrer Galicia no seu libro homónimo,¹⁰⁷ recorda, ao pasar por Cambados, que esta vila arousá «fue en su tiempo gran villa y puerto, tuvo convento de franciscanos muy bien situado, y arruinada y en lamentable abandono tiene al presente la notable iglesia de Santa Marina...» e cando continúa a Baiona, atopaa «sola, triste, aislada, parecida a aquellos antiguos y desconocidos pero limpios solares de los cuales salían los que fundan las grandes casas (...) la villa es como todas las que en Galicia recuerdan un pasado glorioso y ya no son nada». En Pontevedra, rememora as súas orixes e expansión: «burgo importante, fácil fue después a Pontevedra crecer y hacerse notable, merced a la paz y predominio político de Galicia en el siglo XII», xa máis tarde «como todas nuestras poblaciones comerciales, Pontevedra empezó lo que se dice a respirar y crecer a últimos del siglo XV», « Pero lo que más le ayudó a acrecentar como de golpe su riqueza y comercio, fue la gran Compañía que, bajo el título de Cofradía de Mareantes de Pontevedra, formaron no solo los que vivían al abrigo de sus muros, sino también la mayor parte de los pueblecillos que se asientan a lo largo de las apacibles rías de Arosa, Pontevedra, Marín y Vigo. Especie de Hansa o gran centro de contratación marítima, pues constaba de dos mil cofrades (...) aportan a las playas de Francia, Italia y Portugal, llevando ricos cargamentos de sardina, vino del Rivero, lienzos, encajes y agrios, que eran por aquel tiempo una de las más importantes fuentes de riqueza de Galicia».

¹⁰⁷ Murguía. (1885: 652).



Iglesia de Santa María de Pontevedra

Algo antes, en 1880, o Padre Fidel Fernández Fita e Aurelio Fernández Guerra nos seus *Recuerdos de un viaje por Galicia*, ao pasar por Pontevedra e rememorar as súas glorias pasadas advirten que «no habíamos de partir sin visitar la iglesia de Santa María la Mayor, realizada en 1555 por el gremio de mareantes, compuesto de mil cofrades a veces, que anualmente cargaba de pescado

exquisito más de cien ponderosas naos, para abasto de muy apartados confines».

Ou o propio Díaz de Rábago¹⁰⁸, que encarecía «que la industria de la pesca alcanzaba acá, como quizás más eminente no volvió a tener, un brillante periodo de prosperidad en su siglo, que es el de oro de las armas y las letras españolas, el XVI.» E como «a nuestros gremios de mar se deben iglesias joyas del arte, y la fundación de colegiatas» como a «la cofradía que se componía de más de 2000 mareantes, y que edificara con una pequeña parte de sus productos, la primorosa iglesia de Santa María de Pontevedra».

A influencia destas valoración, sén perceptible, tanto en declaracións feitas polo escritor na etapa en que escribe estas tres obras como no tono valorativo que emprega no momento de describir a Viana del Prior nas acotacións dramáticas.

Nunha conferencia pronunciada en 1911, recordaba Valle-Inclán que na Idade Media «toda España aparece poblada de pequeños eremitorios, de grandes iglesias y colegiatas levantadas en honor de la Madre de Jesús, de Santa María la Mayor. Acaso no ha habido en España un solo burgo de alguna importancia que no tuviese un altar levantado a Santa María la Mayor».¹⁰⁹

Á hora de enumerar e describir os elementos arquitectónicos da vila, recorre aos estilos dominantes en Galicia— románico e barroco—, e utiliza unha composición, a modo de «collage», a base de elementos a veces identificables cos dalgunhas destas vilas e cidades galegas marítimas ou con Santiago de Compostela.

Águila de Blason, dá comezo cunha acotación na que se describe —sen esque-

cer as capelas de gremios— a igrexa de Viana del Prior: «La iglesia es barroca, con tres naves: Una iglesia de colegiata ampulosa y sin emoción, como el gesto y el habla del siglo XVII.¹¹⁰ Tiene capillas de gremios y de linajes, retablos y sepulcros con blasones» (345).

Na acotación da escena segunda (346), descríbese a Don Juan Manuel Montenegro como «uno de esos hidalgos, (...) que se conservan como retratos antiguos en las villas silenciosas y muertas...». Máis adiante (396) Sabelita, «percibe a veces un confuso vocerío, que sale del interior de las tabernas llenas de marineros» e unha banda de luz que «tiembla sobre la calle enlosada», logo, atravesada por «una plaza donde hay un convento» e «un reloj de torre» (397).

En *Los Cruzados de la Causa* (675), polas palabras do mestre-escuela¹¹¹ sabe-

¹¹⁰ Tampouco Murguía era amante da arte da Contrarreforma. Así describe no libro *Galicia*, a igrexa da Compañía de Xesús en Pontevedra (hoxe San Bartolomeu), con valoracións sobre os xesuítas, que podía suscribir Valle-Inclán: « En ella, lo mismo que en las demás iglesias de los PP que hemos visitado, es visible de golpe un no se sabe qué de parsimonioso, que hiela: aquella severidad no es el resultado de la grandiosidad de los planos y de las líneas, ni menos de la acertada parquedad de la ornamentación; no son las graves sombras y naves dilatadas de la catedral románica, ni las misteriosas arcadas góticas que parecen ir por propia voluntad, en busca del cielo ofrecido a las almas buenas; al contrario, la iglesia de los jesuitas, recuerda la casa del burgués metódico, y aunque modesto, no falta de lo necesario, que busca el honrado negocio, en una tienda arreglada y entre gentes que pagan al contado, del mismo modo que los PP. gustan de orar en una iglesia limpia, entre gente que no huele mal, al pie de altares bien cuidados, buscando el cielo con la misma nimiedad aritmética, que su negocio el vendedor acaudalado. (...) «porque la regla de San Ignacio, nacida entre la clase media y al mismo tiempo que ella, tiene todas sus condiciones esenciales: esactiva (sic), virtuosa, inteligente, pero es también fría y pretenciosa; reduce la virtud a una simple ecuación...» (1885)

¹¹¹ É posible que a través deste personaxe se estea homenaxeando ao coengo e historiador compostelán Antonio López Ferreiro, historiador e catalogador de todo o relativo á Igrexa Compostelá, e amigo de Ramón del Valle-Bermúdez:

¹⁰⁸ Díaz de Rábago (1885: 12-14 e 92).

¹⁰⁹ J y J del Valle-Inclán. (1994: 77).

mos da Colexiata de Viana del Prior, que «la iglesia es muy antigua, data su fundación de una bula del Papa Inocencio II. El primitivo claustro se conserva purísimo, y el resto no ha sufrido grandes transformaciones. Como tantas iglesias gallegas, data del arzobispado de Gelmírez», polo que non pode ser a mesma que aparece ao principio de *Águila de Blasón*.

A casa do vinculeiro «Tenía una gran puerta blasonada y un arco que comunicaba con la iglesia de un convento», «que daba sobre los esteros de un río»¹¹² (707). Tamén estivera murada Viana del Prior: «Por la Puerta del Deán»¹¹³, que aún queda en pie de la antigua muralla...».

O PROSAICO PRESENTE DECIMONÓNICO

En contraposición a este pasado de gloria e prestixio, o presente, representado, por exemplo, por un especulador e comprador de bens nacionais como Don Ginero ou por un grupo case anónimo de mariñeiros empobrecidos, carece de todo lustre.

Nen sequera merece a pena darlle un papel que o sitúe en escena a calquera deses fomentadores que desde o século XVIII¹¹⁴,

instalan as súas casas e fábricas na beiramar ou ao longo da praia, moitas delas ben cerca dalgún pazo barroco ou da colexiata románica da vila¹¹⁵. O seu decidido apoio á revolución liberal-burguesa nos revoltos anos que abren o século XIX¹¹⁶ ou a aversión que a sensibilidade tradicional manifesta á paisaxe de fábricas e chemineas¹¹⁷, poden ser a causa deste silenciamento.

arosana que contó con mayor inventario en fábricas de salazón en manos del empresariado foráneo. Si a fines de siglo existían solamente tres, este número se cuadruplica apenas transcurrido un decenio. Ubicadas mayormente en el barrio del Castro, sus propietarios fueron los siguientes: Fidel Curt Roch, cuya fábrica integrada por ocho lagares de cantería para prensar sardina fue valorada en 1799 en más de 18000 reales. Manuel Goday Roura, uno de los máximos exportadores de sardina salada y como tantos otros de sus congéneres, supo simultanear el aprovechamiento industrial de la pesca con el comercio de vinos y aguardientes en varias poblaciones. Miguel Curt, Gerardo y Felipe Font, Francisco Llauger, con su hijo Juan Llauger Fábregas, Antonio Llunas, Bartolomé Puig Font, José Roig, Carlos Rosell y Narciso Vidal, todos de progenie catalana, manejaron asimismo en Villanueva el negocio salazonero.»

¹¹⁵ Tampouco aparece nunca, por seguir coa comprobación do grado de fidelidade á Galicia que se representa nas obras que nos ocupan, nada que remita ao entorno industrial que entre Carril e Vilagarcía se desenvolve a partir de finais do século XVIII. Está integrado por fabricas de fundición de ferro (nunha delas se fundirán as vías do Ferrocarril Compostelano, do que foi secretario Ramón del Valle Bermúdez, pai de Valle-Inclán), fabricas de curtidos, etc...; Ver a este respecto: Vázquez Baamonde, M^a Carmen: Sargadelos-Carril-Santiago. 1994. Edición do Castro. Sada. A Coruña.

¹¹⁶ Ver: Allegue, G. (2003: 29-48). É clarificadora a este respecto, a rede de apoios, alianzas e intereses entre a burguesía de salga (A gavilla Goday) e o liberalismo, e entre algunhas das clases rendistas (José Manuel de la Peña Oña e Serapia Fernández Cardecid) e a vella orde, que se deduce dos acontecementos que Gonzalo Allegue relata, documentados na Vilanova de Arousa de comezos do XIX, onde interveñen actores con vínculos familiares con Valle-Inclán (De la Peña Oña e Fernández Cardecid eran os pais de Francisco Peña Cardecid, avó materno do escritor e, en prolongadas etapas, alcalde de Vilanova de Arousa).


¹¹⁷ Ver por exemplo, «La casa de Aizgorri» (Sensación), reseña que fai Valle-Inclán do libro homónimo de Pío Baroja (1447-1449). «Cuando Pío Baroja estuvo en aquella casa aún vivía D. Lucio de Aizgorri, un caballero achacosos,

«Las riquezas artísticas de nuestra Colegiata me son bien conocidas, y de todas ellas tengo escrito una compendiosa historia.»

¹¹² Tense identificado co convento e igrexa de Vista Alegre en Vilagarcía de Arousa.

¹¹³ Topónimo que remite á Pobra do Deán, hoxe unida ao Caramiñal.

¹¹⁴ Ver Meijide Pardo (1972: 35-37): «Desde 1780 a 1820 ha sido Villajuán, después de Vigo y La Coruña, el núcleo de industrialización pesquera a cargo del inmigrante catalán más importante de Galicia. (...) Hacia 1810 censábase en dicho puerto una veintena de fábricas de salazón». (...) «Después de Villajuán, ha sido Villanueva la población



A pesca da sardiña no século XIX. Do libro: *Galicia e o Mar*. Edicións Nigratrea

DOS COMEZOS DO XIX ATA 1869

En realidade, o século XIX comezou mal para a industria da salazón e, en consecuencia, para os mariñeiros e todo o entramado económico e social que de ambos dependían nestas vilas. «Durante los años que siguieron a la Guerra de la

déspota y borracho, que olvidara la tradición hidalga y campesina de todo su linaje, estableciendo al abrigo de la solariega vivienda una fábrica de destilar alcoholes. La roja chimenea de ladrillos se perfiló sobre el cielo, más alta que el campanario de la aldea; el humo negro del carbón de piedra se mezcló con las nieblas del valle y el rumor de la maquinaria inglesa con el rumor del molino patriarcal, donde el agua verde de la presa se plateaba al sol. Don Lucio de Aizgorri, fue traidor al espíritu de su raza, y esto le trajo la desgracia. (...) Tiene un hermoso nombre antiguo: se llama Águeda. (...) Ella quisiera convertir la fábrica en «Hospedería de Mendicantes», donde se recogiese aquella procesión de viejos y lisiados, de huérfanos y locos, que los sábados bajaba de los caseríos, e iba por el pueblo pidiendo limosna y salmodiando padrenuestros ante la puerta de los ricos.»

Independencia la producción salazonera decayó considerablemente. Esta coyuntura fue debido, sobre todo, a la penuria de la pesca registrada»¹¹⁸ e ao alto prezo que

¹¹⁸ En 1847, o fomentador vilanovés Francisco Llauger Fábregas, redacta un manuscrito titulado *Memoria de las cosechas abundantes, medianas y escasas de sardina desde 1814 hasta 1846* á que engade «algunas observaciones que nos han parecido importantes». Despois de facer reconto dos anos de abundancia e escasez, apunta, como unha das razóns de que desapareza a sardiña a de que «entre y reine algunas horas en ella el viento de sueste. Afortunadamente es viento que rige muy rara vez; pero si alguna vez hace ese viento y hay sardina en la ría no queda ninguna dentro de ella». Tamén «en esta ría lo que contribuye mucho a privar de pescar la sardina son los delfines. Muchas veces los pescadores están mirando la sardina y no se atreven a pescarla porque si echan sus redes a la mar aquellos peces la destrozan. También en nuestra opinión y en la de muchos pescadores son causa (los delfines) que algunas veces espantan y hacen correr la sardina, y particularmente cuando está a poco fondo y altura. ¿Quién creerá que en las rías de Vigo, Pontevedra y Muros los referidos delfines no hacen tanto daño como en esta ría? En que consiste no lo sabemos; lo que sabemos sí, es que sucede (...) Otra cosa se ha experimentado con los delfines y es que si se mata o hiere a alguno de ellos y se derrama algu

ten o sal¹¹⁹, obxecto de estanco polo Estado.

Sen embargo, estas dúas razóns, non bastan para explicar acaídamente todos os altibaixos que afectan a este sector.

na sangre, en una porción de tiempo no se ve ninguno en aquel sitio.»

Problema este, o dos golfinos ou arroaces («arroases» no galego dialectal da zona), eternamente periódico, pois o 20 de Abril de 1879 parece que hai outra praga, segundo se deduce da información enviada dende Vilagarcía (reproducindo información do xornal *El Eco de la Ría de Arosa* dirixido a partir deste ano por Ramón del Valle, tras da marcha de Trillo Salelles) a *La Ilustración Gallega y Asturiana*. Nesta coméntase que «han desaparecido ya de esta ría los infinitos delfines que la inundaban, haciendo imposible la pesca de la sardina. Atribúyese su marcha a dejar de emplear el xeito.» O 10 de decembro infórmase que «parece provechosa la pesca en esta ría, ya por esta circunstancia, ya por la de que los delfines o arroaces abundan menos que en años anteriores, están de enhorabuena los fomentadores, y más que estos los infelices marineros, que ven recompensados, siquiera sea ligeramente sus desvelos y los peligros a que constantemente se ven expuestos para procurarse el pan nuestro de cada día». Sen embargo, a alegría non duraría moito pois xa ao mes seguinte (10-1-1880) se informa que «los delfines han hecho de la ría de Arosa su morada habitual».

Como terceira causa —continúa Francisco Llauger— «No nos parece infundada la opinión de algunos pescadores y es de que, el no entrar sardina en las rías ni parar en la costa, lo causan una multitud de peces llamados toniñas corredoras que de algunos años a esta parte infestan estos mares. Estas toniñas tienen la hechura de los atunes; pero son de distinta calidad y más pequeños que estos; hostigan la sardina conduciéndola a alguna ensenada, y cuando la tienen a poco fondo la rodean formando un círculo, y en aquella posesión la maltratan. Después de esto que acabamos de referir quedan las aguas de aquel sitio cubiertas de escama de sardina y esta no parece más».

¹¹⁹ Ver: «Los años de crisis. 1815-1830» en Mejjide Pardo (1973: 21-24). «En una escritura de obligación suscrita en la primavera del 1828 por varios fomentadores de Villajúan y Villanueva de Arosa, los otorgantes expresaban cómo «han padecido suma decadencia en sus capitales, con motivo de las pérdidas que han sufrido en el ramo o industria de la salazón y fomento de pesca, a causa del crecido precio de la sal». Para eludir su completa ruína (y la de «una gran porción de personas, terrestres y marineras, que se ocupan y se mantienen con los jornales que ganan en dicha industria») han decidido «representar a S. M. Se digne mandar que la sal para el fomento y salazón de la pesca se dé al goce de fábrica a los dichos otorgantes y demás de su clase, al precio de dos reales fanega, según se ejecuta para los extranjeros».

Para Santos Castroviejo¹²⁰ «o século XIX —ata o sexenio, ou en todo caso ata 1850— foi un século con fases de estancamento e mesmo de retroceso industrial recorrentes», «declive do comercio e da industria e das súas fontes de demanda»¹²¹ que «permite retomar posicións á propiedade da terra en forza e ascendente social, productivo e ideolóxico». E enumera como causas xerais deste recuar económico, en primeiro lugar, o considerable peso político que seguen a ter as forzas sociais rendistas do Antigo Réxime¹²²; como segunda causa, o seu escaso poder de

¹²⁰ En Fernández Casanova. Ed. (1998: 116-133).

¹²¹ A crise tamén se contaxia ás arcas públicas. Así o 10 de setembro, nun pleno municipal en Vilanova de Arousa no que se debate sobre as cargas contributivas, expónse que «una de las parroquias más recargadas es esta villa, efecto de que cuando se celebró este contrato con Hacienda, se hallaba en mucha mayor opulencia, tenía cinco fábricas de salazón de sardina que aumentaba considerablemente los consumos y con especialidad el ramo del vino. Estas en el día han desaparecido y solamente existe una que bien poco elabora, por tener su dueño otras en puestos que le refluyen mayores intereses, y es el caso que se lleva enteramente abandonada la de esta villa, circunstancia que se debe tener muy presente para que la minoración de los consumos de este pueblo recaiga sobre los que han aumentado y se han engrandecido de pocos años a esta parte, pues es tal la miseria que aquí se observa en todas clases, y en especial en la marinería, que pasan semanas sin reconocerse apenas ningún despacho en el establecimiento público de vino y aguardiente...» Vila Fariña. (2005: 53-54).

Este estancamento é tamén comprobable se acudimos ao censo de Contribución Industrial e de Comercio. Esta fonte, a pesar do seu laconismo, ofrece datos numéricos que confirman esta crise: así, esta solitaria fábrica da que se falaba no pleno, propiedade de M. Goday, continúa a ser a única ata 1852; entre este ano e 1962, verase acompañada por outra que abre José Llauger. No ano 1863, comeza a súa actividade unha terceira instalación fabril, propiedade de M. Goday Gual e en 1867 a cuarta, propiedade de Francisco Llauger.

¹²² «As forzas do Antigo Réxime seguen a ser socialmente poderosas; se non no mundo mariñeiro, industrial e mercantil, si na agricultura —con moito, a de máis peso económico, social e político—; e por consecuencia no ordenamento político, de política económica, facendístico... o Estado xa non é un aliado tan claro das transformacións burguesas.» (1998: 116).

influencia na política española en comparación con outras burguesías peninsulares.¹²³ Andando o tempo, cando Valle-Inclán transforme o seu posicionamento político e ideolóxico e apoie a proclamación da II República, contestará deste modo na entrevista que Juan López Nuñez lle fai para o xornal madrileño *La Voz*, ao ser preguntado polo Estatuto Galego e os problemas económicos de Galicia¹²⁴:

—¿Y qué cree usted que es el problema de Galicia?

—Que es completamente opuesto al de Cataluña, y por consiguiente, debe ser resuelto con un estatuto distinto, no mediterráneo, sino atlántico. Cataluña tiene necesidad de un arancel que favorezca su industria, y Galicia necesita la creación de un puerto franco en Vigo y la supresión de todo arancel. Todo lo que Galicia produce (hombres, salazones, etc.) lo manda al extranjero. Cataluña, no. De esto se deduce que Galicia, el problema de Galicia, es opuesto y contradictorio al de Cataluña.

Un terceiro e determinante factor é o da perda das colonias americanas, que deriva na contracción do mercado exterior na conseguinte penuria da facenda estatal.¹²⁵

123 «A burguesía pesqueiro-salgazoeira galega non conta con firmes aliados peninsulares: a burguesía catalana, especialmente a textil algodoeira, promove o sistema prohibitivo co que intenta cativar para si o mercado español, pero prexudicando notoriamente a outros sectores económicos, especialmente á burguesía salgazoeira galega partidaria do librecomercio.» (1998:116).

124 En J y J del Valle-Inclán. (1994:456)

125 «A burguesía galega perde, en primeiro lugar, o negocio da produción, explotación e re-exportación a América; en segundo lugar, o negocio de fornecemento ó Estado, particularmente ó exército e á Armada: a ruína do Estado é tamaño que hai que financeiro vergonzantemente con cargo ós veciños e hóspedes;» (...) «tamén perde o mercado interno: Inglaterra, coa súa revolución industrial está en condicións de entrar impune e masivamente a súa mercadoría, fronte á que a produción do país ten pouco que facer.» (1998: 118-119).

Mais, a pesar de tanto contratempo, de que a centuria decimonona «ata o sexenio, é máis ben un século de estancamento e de ameaza recorrente», «no XIX constitúese definitivamente unha burguesía peixeira en Galicia». E esta burguesía que se consolida «é unha facción de clase política activa, ideolóxicamente presente, actuando nos procesos de contrución do país, e os seus liñamentos poden ser resumidos na súa ideoloxía liberal-constitucionalista¹²⁶ que a leva ás súas actividades militantemente constitucionais e reformistas». ¹²⁷ «En todos os momentos vindica o

126 En todas as vilas das Rías Baixas nas que se desenvolve desde o século XVIII este tipo de industria, a clase dos fomentadores, sempre de ideoloxía liberal e progresista, vai incrementando progresivamente o seu protagonismo político. En primeiro lugar, loitando desde finais do XVIII ata comezos do XIX contra as regalías de clero e fidalguía, máis tarde, no primeiro tercio da centuria decimonónica, integrando as milicias do exército liberal (en 1835, esta, está conformada en Vilanova de Arousa por: Juan Goday, capitán da vila; Manuel Goday, tenente, Francisco Llauger, subtenente; que deron «vivas a Isabel II, y libertades patrias». Vid. Vila Fariña (2005). E finalmente ocupando postos políticos relevantes nas institucións do novo Réxime que se abre coa Rexencia de M^a Cristina: en Vilanova de Arousa, por exemplo, ocupan a alcaldía en 1840, Francisco Llauger; en 1852-1854 Manuel Goday; en 1856-1857 José Llauger; entre 1867 e 1874, Manuel Goday con dúas parénteses, unha de dous anos (1869-1870) na que é ocupada por Ramón del Valle, pai de Valle-Inclán, e outra entre 1870 e 1872 na que detenta este cargo Francisco Peña, avó materno do escritor. Este último xa ocupara este posto nos anos 1842-1843, 1854-1856 e 1865-1867. Vid. Vila Fariña (2005).

No Antigo Réxime, esta vila, capital dunha xurisdicción máis extensa que o Concello do novo Estado liberal, estaba rexida por dous xuíces alcaldes nomeados polo señor xurisdiccional, o Arcebispo de Santiago de Compostela que compartían o poder co Prior do Priorato de Cálago e párroco ao mesmo tempo, máximo propietario e perceptor de rendas de orixe agraria. Vid. Seijas Montero (1999).

127 «Están presentes nos concellos —especialmente no Concello de Vigo—; aparecen nos erguementos constitucionais das cidades galegas —especialmente na cidade de Vigo— de 1820, que foron decisivos para o triunfo do trienio liberal; pronunciáronse decididamente a favor do erguemento liberal-galeguista de Abril de 1846 que foi saudado con ledicia por tódalas Rías Baixas, e xa por fin no Sexenio Revolucionario». (1998: 120)

desestanco e o comercio libre do sal¹²⁸; o desmantelamento do sistema prohibitivo, a reforma do Estado e da Facenda, da expansión e construción ordenada das cidades e do destino do excedente a finalidades productivas en vez de ao mantemento das "clases numerosísimas que viven no país na fartura e na folga"¹²⁹

DESESTANCO DO SAL E CRECEMENTO INDUSTRIAL. A ETAPA DA INFANCIA E XUVENTUDE DE VALLE-INCLÁN

Cando por R.O. de 14 de xullo de 1869, no Sexenio Revolucionario, se produce o desestanco do sal, ábrese unha nova etapa que se caracterizará polo aumento das inversións e en consecuencia polo crecemento industrial e económico. Así existe o recoñecemento de que tal medida «propi-

¹²⁸ Para Francisco Llauger, en 1847, na *Memoria* antes aludida «La más útil y conveniente medida que se puede adoptar para la prosperidad de pescadores y fomentadores es la libertad de la sal. Sin ésta, nunca estará libre de trabas y embarazos la preciosa e importantísima industria de la pesca. A la verdad, no se concibe como una nación cuyo suelo está brotando ese elemento tan precioso y esencial para toda industria, sea hoy la única, tal vez que lo tiene monopolizado al insostenible precio de 55 reales fanega. (...) La libertad es al alma de la Industria y Comercio, lo que es al cuerpo humano el espíritu vital, sin cuyo aliento perece como perecen aquellas si no respiran libres. En Galicia, no solo los fomentadores, pero tampoco los infelices pescadores ni nadie absolutamente es dueño de salar un solo millar de sardina ni venderlo para el interior sin abonar a la Hacienda pública la sal a 55 reales fanega; sugestión(sic) tirana e inculicable que no la pueden conceder los extranjerios y que desespera a los naturales, se los corrompa la pesca en las playas y precisados otras veces a si pudiesen salpresarla, encontrarían en este tráfico un alivio a sus cada vez más crueles necesidades.»

Todavía en 1857, os «Fomentadores de Salazón en la Ría de Arosa» asinan en Vilanova de Arousa un escrito de protesta dirixido ao Gobernador Civil da Provincia de Pontevedra, no que denuncian os perxuícios que o estanco do sal, provoca no desenvolvemento de esta industria.

¹²⁹ Santos Castroviejo: «O XIX (ata o sexenio revolucionario). O fomento, o sistema prohibitivo, o mercado interno, o estanco do sal» (1998:116-133), en Fernández Casanova. Ed (1998).

ciou, sobre todo nas Rías Baixas, a aparición dunha situación máis próxima á división do traballo, mediante o aumento do número de patrianos —pequenos industriais da familia mariñeira que traballan con artefactos propios e probablemente reciben o nome da súa condición de indíxenas— (...) e a aparición dun gran número de «explotadores», «os novos fomentadores», animados dunha gran fe nas súas posibilidades para competir cos vellos industriais doutroa, cunha visión oportunista do negocio»¹³⁰

Este aumento de actividade é o preludio do cambio transcendental que ten lugar na segunda metade da década dos oitenta coa aparición e desenvolvemento da industria conserveira,¹³¹ favorecida por unha serie

¹³⁰ Fernández Casanova (1998: 140-141). «a liberdade para embarcar o sal posibilita o fraude e o incumprimento dos mariñeiros vinculados contractualmente ao fomentador, que se traduce nunha menor cantidade de peixe entregada ás fábricas e unha alza nos custos de transacción, nun momento de suba da demanda de sardina; todo isto conduce a unha inapetencia investidora e, en última instancia, á venda dos medios de produción aos pescadores».

Así, os fomentadores concéntranse no negocio industrial e venden gran parte das embarcacións menores e aparellos de pesca aos patrianos e mariñeiros. Por exemplo, en Vilanova de Arousa en 1877: José Goday vende a dorna «Costera», «con todos sus aparejos y pertrechos de equipo, y seis piezas de xeito» a dous mariñeiros por 550 pts, a lancha «Segunda» con «seis piezas de xeito» a dous mariñeiros por 600 pts, unha dorna chamada «Rosario» con «cinco piezas de xeito» por 500 pts a un mariñeiro; Manuel Goday a dorna «Diez» por 590 pts; Juan Goday, a lancha «Lola» con cinco pezas de xeito a un mariñeiro por 800 pts, que debe satisfacer no prazo dun ano a un 8% de interese, para o que este hipoteca unha finca. Non sucede o mesmo cos barcos de máis porte utilizados no transporte do produto elaborado. Son estes, galeóns de entre 100 e 180 toneladas, que substitúen a modelos máis arcaicos e de menor capacidade que navegan nos anos cincuenta como o bergantín «Conchita», o pailebot «Joven Rafael» de 70 tn, a polacra «Luchana, a polacra-goleta» Victoria ou un quechemarín.

¹³¹ Para Carmona (1998) supón o nacemento da industria moderna e sinala o efecto de arrastre que ten sobre outros sectores industriais como a construción naval ou a industria mecánica e litográfica, así como as consecuencias sociais que se traducen no aumento de grandes capitais e

de factores técnicos e pola disposición dos mercados exteriores que antes detentaba Francia.¹³² Esta nova industria «dinamiza

poboación asalariada. Marca tamén o inicio dunha nova etapa na historia económica de Galicia que este autor acouta entre 1890 e 1936.

O principal foco deste despegue industrial localízase na Ría e cidade de Vigo, mais este incremento tamén é perceptible no entorno xeográfico no que transcorre a infancia e mocidade de Valle-Inclán. Nestes últimos 15 anos do século XIX Vilanova e a Illa de Arousa, ao igual ca outras vilas da Ría, duplican o número de establecementos salazoneiros e asisten á implantación das novas factorías conserveiras. Percíbese asimesmo no inventario da Contribución industrial e de Comercio, o incremento e diversificación de establecementos comerciais. Un dato importante: diminúen drásticamente e en poucos anos os muíños tradicionais.

¹³² O 28 de Novembro de 1880 informa *La Ilustración Gallega y Asturiana*. (415): «Parece que la fábrica de conservas recientemente establecida en la Isla de Arosa da excelentes resultados, hay grandes elogios a sus productos con gran aceptación en el extranjero».

Esta mesma publicación relata en Agosto de 1881 a visita real a Galicia, na que o rei visita a innovadora fábrica de conservas establecida na Illa de Arousa. O 17 deste mes, embarcan en Carril (hoxe pertencente a Vilagarcía de Arousa): «El 17, a las nueve y media de la mañana, salimos de Santiago con dirección al Carril, y de este punto embarcamos a eso de las doce, levando anclas enseguida. Empero el tiempo no nos era propicio, y una densa niebla cubrió a poco la boca de la ría, obligándonos a anclar de nuevo frente a la isla de Arosa, permaneciendo allí hasta la mañana del 18. No se conformó D. Alfonso con quedar a bordo toda la tarde, y a eso de las cuatro bajó a la isla, acompañado sólo del almirante Polo de Bernabé y de un práctico. Recorrió una parte de aquella, seguido y vitoreado por multitud de niños y jóvenes que se dedican al trabajo de la pesca y a la industria de salazón y de conservas en las fábricas que posee allí el rico industrial don Juan Goday. S. M. pasó después a visitar estos establecimientos industriales, de los cuales viven unos 1300 habitantes que contiene la isla. Conversó largo rato con el Sr. Goday, persona ilustrada que ha visitado varias capitales de Europa y ha puesto su industria a la altura en que están las de Francia y Bélgica. Como después de visitada la isla por el rey se nos ocurriera bajar a ella a varios oficiales de la «Zaragoza» y al corresponsal que suscribe, tuve ocasión de saber, por boca del señor Goday, el gran perjuicio que están infringiendo a nuestra industria de salazón los muchos delfines que hay en la ría de Arosa, los cuales acabarán seguramente con la sardina, si el Gobierno no accede pronto a lo que le tienen pedido ha tiempo los fomentadores para perseguir a dichos peces. Consiste sólo en que se sitúe en la ría un cañonero para que espante con la máquina a esos animales. Otra especie de delfines, todavía peores, tienen heridos de muerte a nuestros

as pesquerías, resultado dun encadeamento de secuencias económicas: aumento da demanda da sardiña, modernización do equipo e acumulación investible noutros subsectores pesqueiros»¹³³ e ao mesmo tempo acentúa e intensifica as relacións económicas típicas do capitalismo: proletarización e asalarización por unha parte e acumulación de capitais por parte da nova burguesía conserveira.

TRADICIONALISMO E ANTIINDUSTRIALISMO

E isto non é do agrado dos teóricos e pensadores do rexionalismo tradicionalista como, por exemplo, Alfredo Brañas.¹³⁴ Para Maiz, o antiindustrialismo é un «elemento que destaca con luz propia e especial énfase no pensamento económico» do catedrático de Dereito Mercantil e Filosofía do Dereito da Universidade compostelá e profesor de Valle-Inclán. «Criticado unhas veces polos seus efectos centralizadores, contraposto outras a un idealizado mundo campesiño de harmonía eterna¹³⁵, o industrialismo integra para Brañas un elemento radicalmente alleo a aquel proxecto de recuperación da "feliz Arcadia" que Galicia fora na Idade Media e que constituía o cerne do seu rexionalismo pasadista e de mercado sabor ruralizante: "Galicia es esencialmente agrícola: la industria fabril y el comercio no tienen vida propia; el movimiento vertiginoso de

criaderos de langostas, y son los especuladores franceses...» (LIGA. Tomo III: 285-286).

¹³³ Fernández Casanova (1998:141-143).

¹³⁴ Maiz, R. (1983.:106-112).


¹³⁵ Lembremos outra vez a reseña a *La casa de Aizgorri* de Valle-Inclán.

las fábricas, el humo espeso de las fundiciones, el rodar incesante de los vehículos, no constituye la fisonomía social de nuestra tierra. La vida de Galicia es la tranquila, patriarcal, sosegada e inalterable de los pueblos agricultores: Galicia es cual nueva Arcadia con sus fértiles prados, sus frondosos bosques, sus vestidas colinas...»¹³⁶. Frente a isto «El industrialismo moderno, fruto de las radicales y materialistas doctrinas económicas de la escuela ortodoxa, creó los gigantescos talleres, escuelas de inmoralidad y perversión, desorganizó la familia, llevándola del hogar a la fábrica, aumentó sin tino la población obrera, abrió las puertas francas a la concurrencia del salario, produjo las más espantosas crisis industriales, desarrolló los lock-outs y las huelgas y promovió, como natural reacción de sus doctrinas individualistas, primero las aberraciones de Louis Blanc, las contradicciones de Proudhon y las locuras de Saint-Simón, Owen y Fourier, y más tarde las invasiones del anarquismo y las disolventes teorías colectivistas de Carlos Marx y la política absorbente y tiránica del socialismo de cátedra»¹³⁷

¹³⁶ Maiz, R. (1983: 107).

¹³⁷ Brañas, A. (1889: 92).

Por iso propón o «retorno ás pequenas industrias artesanais»¹³⁸ que permitiría a «restauración da organización gremial da produción» e «a eliminación da inmoralidade propia da civilización fabril». Desta maneira, aseguraríase tanto o «mantemento do esencial carácter precapitalista da eco-



Traballos mariñeiros segundo gravados do século XVIII. *Diccionario de las Artes de Pesca*

¹³⁸ «La existencia de pequeñas industrias en un país, suele ser de ordinario síntoma de bienestar, fuente de progreso, señal de cultura y muestra infalible de actividad y trabajo. No siempre la gran industria, que desmantela cuantiosos capitales, poderosas máquinas e innumerables obreros, es signo evidente de general bienandanza y pública tranquilidad (...) ¿Son más felices los pueblos que tan sin tasa ni medida multiplican sus fábricas, aumentan sus mercados y dan más vuelos a las industrias manufactureras en perjuicio de la agricultura y de las pequeñas industrias que le son anejas? ¿Es preferible la grande, o la pequeña industria? ¿Vive mejor el obrero sometido al yugo opresor de un salario, que llega a determinarse dentro de un límite fatal

y necesario, como pretendían los economistas David Ricardo y Roberto Malthus? (...) En el orden político, la pequeña industria, haría frente al funesto caciquismo que se prevale de la miseria del ciudadano, para sus conspiraciones electorales y adquisición del dominio quirritario de los bienes y haciendas de sus infortunadas víctimas. En el orden económico, desarrollaría la pequeña industria, la riqueza de los pueblos, haciendo felices a sus habitantes con la abundancia de transacciones mercantiles y el juego de la circulación de los productos, que es el barómetro fiel de la cultura y del progreso material de las naciones. Y por último, en el orden social harían las pequeñas industrias, el importante papel de los antiguos «pacos adsertores», promoviendo la unión de las familias e inoculando en ellas la savia benéfica y fecunda de la caridad y fraternidad cristianas, que por si solas ahuyentan de los pueblos: el temor de las crisis, las amenazas de hambre y de la miseria, y el azote de las huelgas y de las tentativas revolucionarias» (Brañas, A. 1889: 91-95).

nomía galega coma a evitación da perda dos seus valores tradicionais de carácter moral e relixioso».¹³⁹

Cando na *Memoria acerca de las pequeñas industrias que conviene establecer en la provincia de Pontevedra, que por el corto capital de sus productos pueden establecerse con facilidad*¹⁴⁰ pasa a ocuparse da «conserva de pescados, en pequeno», aclara que «No carecemos de buenas fábricas de conservas en nuestra provincia, siendo de recordar las de las Rías Bajas, y en especial las célebres y laureadas de Villanueva e Isla de Arosa, pero no entra en nuestro propósito ocuparnos en el estudio de estas industrias al por mayor, que requieren gruesos capitales y gran número de operarios, para ser explotadas con ventaja.» Brañas é partidario doutro modelo económico: «Aquí nos contentamos con recomendar la conserva de pescados, como una pequeña industria, que pudiera constituir la ocupación constante de muchas familias del litoral, la cual obtendría una halagadora retribución, con la venta al menudeo, ora en los mercados ordinarios y frecuentes de las villas, ora en las embarcaciones de tráfico limitado y buques mercantes que hacen la travesía del cabotaje (sic), ora en los puertos a donde arriban escuadras extranjeras para provistarse de vituallas».

É dicir, para o líder do tradicionalismo compostelán, movemento no que participa o xoven Valle-Inclán e seu irmán Carlos no momento en que este informe se escribe (1889), a dirección que está a tomar a economía pesqueira e industrial da Ría de Arousa e das Rías Baixas non é a desexable. Mellor sería reorientala na senda

dunha industria familiar e patriarcal como a que rexía a estrutura da produción salazoneira dos Gremios de Mareantes do glorioso medievo. E este malestar co rumbo industrial presente é o que dá sentido á crítica social que trasluce o modo de aparición dos mariñeiros e a exclusión dos fomentadores nas obras que Valle escribe neste momento¹⁴¹, obras nas que é perceptible a identificación co ideario tradicionalista.

CONCLUSIONES

A presenza dos mariñeiros e das súas familias na novela *Los Cruzados de la Causa* e nas dúas primeiras *Comedias Bárbaras* «Águila de Blasón» e «Romance de Lobos» responde, tal e como antes se apuntaba, a dúas funcións diferentes:

a) Unha primeira, de tipo costumista que, como temos comprobado, mesmo documentalmente, nos remite con bastante fidelidade ao ambiente do diario tráfico de cabotaxe entre as dúas marxes da Ría de Arousa nas décadas 70 e 80 do século XIX. Este marco de fondo costumista, supón, pois, un elemento de fixación cronolóxica que suma verosimilitude á ubicación decimonónica destes textos.

b) A segunda función, a de denuncia social, mantén plena concordancia, polo modo en que se plantexa, coa tese aceptada de forma unánime pola crítica. Esta, sinala de xeito unánime o posicionamento ideolóxico e mesmo o compromiso político de signo tradicionalista que Valle-Inclán profesa no momento no que escribe estas

¹³⁹ Maiz, R. (1985: 108).

¹⁴⁰ Brañas, A (1889).

¹⁴¹ Momento de escritura (1907) no que o incremento industrial está en pleno apoxeo: en Vilanova de Arousa das 5 fábricas que se computan en 1901 pásase a 8 en 1902, 10 en 1904, 13 en 1910 e 18 en 1920.

obras (1906-1908). Así o confirma o feito de que a crítica social se centre en aspectos que podemos considerar «lugares comúns», entre as invetivas que o movemento tradicionalista proxecta contra o sistema liberal e capitalista. Son estas: a denuncia da usura no préstamo crediticio e a desprotección social á que conduciron medidas como a abolición de corporacións do Antigo Réxime, como foran os gremios de mareantes, que abandonaron, naquela altura do século XIX, á clase mariñeira á sorte do libre xogo que se estaba a impor co novo sistema económico.

En cambio, non seguen unha dirección acorde co expresado por algunhas tendencias da crítica, ás que nos referiamos ao comezo, as conclusións ás que aquí chegamos sobre o grado de fidelidade á época (século XIX) e sobre todo á forma de ser da sociedade aí representada.

Así, despois de ter consultado a bibliografía e a documentación coetáneas ao momento no que se supoñen ambientadas estas tres obras a fin de diagnosticar cales eran os problemas reais que afectaban naquel intre á clase pescadora e contrastalos cos que aparecen insinuados na dramática valleinclaniana, emerxen as seguintes realidades históricas:

a) A penuria social e económica dos mariñeiros no último tercio do século XIX é o resultado do cambio de sistema económico, do paso da situación de privilexio de que estaba rodeada esta clase desde a Idade Media, co corporativismo gremial, a outra de desprotección que instaura nos seus primeiros pasos o individualismo capitalista, xa presente como temos comprobado desde finais do século XVIII e que os transforma de mareantes do gremio a proletarios do mar.

b) O contrapunto a este deterioro económico da mariñeiría márcao a aparición e

desenvolvemento da clase burguesa dos fomentadores que, ao longo do século XIX, vai ocupando progresivamente os poderes económico, social e político nas vilas da beiramar das Rías Baixas. Clase social esta, e isto é moi importante telo en conta, obxecto dunha omisión literaria na obra de Valle-Inclán.

c) O espacio xeográfico no que transcorre a infancia e xuventude de Valle-Inclán, non é un pazo solariego, con escalinatas de granito toscamente labrado, ao que acoden cada Novembro os cabezaleiros que han de dar conta do anual pago da pensión foral; é a Vilanova de Arousa que vai de 1866 a 1890¹⁴², o dunha vila que ten como base económica fundamental, a pesca da sardiña (tamén outras especies) que abastece as varias fábricas de salazón instaladas en torno aos seus peiraos. Participa polo tanto de todos os cambios sociais e económicos atrás sinalados, e estes cambios son especialmente intensos no tempo de adolescencia e xuventude do escritor vilanovés.

Non pretendemos negar, tampouco, o peso complementario que o mundo agrario que a rodea, ten na súa economía, sector agrícola que como todo o galego, padece as inercias retardatarias que derivan da permanencia da renda foral e do minifundio. As rendas que esta terra produce e das que se manteñen algunhas familias que non deron o salto ao novo modelo económico, desvalorízanse a partir de 1885, a resultas da crise agraria finisecular, xusto cando o sector da pesca inicia un novo período de despegue económico coa aparición das novas fábricas de conserva de peixe.

Faise, polo tanto, cada vez máis necesaria a nítida e total separación entre a obra

¹⁴² A este respecto ver: Revista *Cuadrante* n° 0, Vilanova de Arousa, 2000 e *Cuadrante* n° 1, Vilanova de Arousa, 2000.

e a vida e o entorno do autor das *Sonatas*, para coñecer cabalmente a realidade económica e político-social da Galicia marítima decimonónica e descubrir as verdadeiras intencións da selección social arcaizante que Valle realiza na súa obra.

Todo isto, condúcenos ás seguintes conclusións: Valle-Inclán reproduce nestas obras a Galicia decimonónica, pero moi parcialmente. Selecciona e enfoca só aqueles aspectos máis arcaicos, máis antigos, que permanecen, ameazados, nun mundo inmerso en importantes cambios que a el lle desagradan. Cando presenta aos mariñeiros, non inventa nada, como temos visto, pero oculta moito. «Levanta el velo, no lo descorre del todo», se tomamos prestadas estas palabras do prólogo de Mu-

rguía a *Femeninas*; presenta a miseria dos pescadores causada polo capitalismo mais oculta aos protagonistas dun industrialismo do que el, tradicionalista nese tempo, abomina.

Máis tarde, cando é proclamada a Segunda República, e o autor das *Comedias Bárbaras* renove as perdas ilusiones políticas, defenderá, —nunha liña coincidente co máis avanzado galeguismo e autonomismo— que Galicia goce dun Estatuto de Autonomía que a dote dun réxime alfandegario particular, que garantice a vocación exportadora e librecambista da industria galega, e en particular da industria da salazón e da conserva do primeiro tercio do século XX.

OBRAS DE VALLE-INCLÁN

Valle-Inclán, Ramón María del. (2002): *Obra Completa*, Clásicos Castellanos, Espasa, Madrid.

BIBLIOGRAFÍA CITADA

ALLEGUE, G. (1991): *Galicia: O oficio de vivir. O mar*, Nigra, Vigo.

ALLEGUE, G. (2003): «De damas y frailes», *Cuadrante*, 7, Vilanova de Arousa.

BARBEITO, C.L. (1985): *Épica y tragedia en la obra de Valle-Inclán*, Espiral Hispano-Americana, Fundamentos, Madrid.

BLANCO GARCÍA, J. (2003): «El mar y los barcos en la obra de Valle-Inclán», *Cuadrante*, 7, Vilanova de Arousa.

BLANCO GARCÍA, J. (2004): «El mar arosano en Valle-Inclán», *Cuadrante*, 9, Vilanova de Arousa.

BRAÑAS, A. (1889): «Memoria acerca de las pequeñas industrias que conviene establecer en la provincia de Pontevedra que por el corto capital de sus productos pueden desarrollarse con facilidad», *Galicia*, nº 2-3.

BRAÑAS, A. (1899): «Don Joaquín Díaz de Rábago y sus obras económicas», en Díaz de Rábago, *Obras Completas*, Tomo I, Santiago de Compostela.

CARMONA BADÍA, X. (1998): Comunicación oral en *Xornadas de Historia de Galiza*, AS. PG, A Coruña.

DÍAZ-PLAJA, G. (1972): *Las estéticas de Valle-Inclán*, Gredos, Madrid.

DÍAZ DE RÁBAGO, J. (1885): *La industria de la pesca en Galicia*, Sociedad Económica de Amigos del País, Santiago de Compostela (Reedición Fundación Barrié de la Maza, A Coruña, 1989).

FERNÁNDEZ CASANOVA, C. (1998): «Cambio económico, adaptacións e resistencias nos séculos XIX (desde 1870) e XX» en Fernández Casanova, C. (Ed.): *Historia da pesca en Galicia*, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, Biblioteca de divulgación, Serie Galicia.

FERREIRA PRIEGUE, E. (1988): *Galicia en el comercio marítimo medieval*, Colección de Documentos Históricas, Fundación Barrié de la Maza, A Coruña.

FITA, F (Padre) e FERNÁNDEZ-GUERRA, A. (1880): *Recuerdos de un viaje a Santiago de Galicia*, Imprenta Lezcano (Reed. Librería Arenas, A Coruña, s/d).

GARCÍA PELAYO, M. (1966): «Sobre el mundo social en la literatura de Valle-Inclán», *Revista de Occidente*, nº 44-45, Madrid.

- GÓMEZ MARÍN, J. A. (1967): *La idea de sociedad en Valle-Inclán*, Taurus, Madrid.
- GREENFIELD, S.M. (1972): *Ramón María del Valle-Inclán: Anatomía de un teatro problemático*, Madrid, Fundamentos.
- GUERRERO, O. (1966): «Sobre las «Comedias Bárbaras» de Don Ramón del Valle-Inclán», *Cuadernos Hispanoamericanos*, nº 199-200.
- HORMIGÓN, J. A. (1987): Valle-Inclán: *Cronología. Escritos dispersos. Epistolario*, Fundación Banco Exterior, Madrid.
- JEREZ FARRÁN, C. (1989): *El expresionismo en Valle-Inclán: una reinterpretación de su visión esperpéntica*, Edicións do Castro, A Coruña.
- LÓPEZ FERREIRO, A. (1895): *Fueros Municipales de Santiago y su Tierra*, Ed. Castilla, Madrid.
- MAIZ, R.(1983): *Alfredo Brañas: o ideario do rexionalismo católico*, Galaxia, Vigo.
- MAIZ, R. (1984): *O Rexionalismo Galego: organización e ideoloxía (1886-1907)*, Publicacións do Seminario de Estudos Galegos, Edicións do Castro, Sada, A Coruña.
- MARAVALL, J. A. (1966): «La imagen de la sociedad arcaica en Valle-Inclán», *Revista de Occidente*, nº 44-45, Madrid.
- MARTÍNEZ LÓPEZ, A. (1982): «Valle-Inclán e o sindicalismo católico», Suplemento de Cultura nº 99, *La Voz de Galicia*.
- MATILLA RIVAS, A. (1972): *Las «Comedias Bárbaras»: historicismo y expresionismo dramático*, Anaya Book Company, Inc, New York.
- MEIJIDE PARDO, A. (1973): «Negociantes catalanes y sus fábricas de salazón en la Ría de Arosa (1780-1830)», Comunicación presentada al *I Coloquio de Historia Económica celebrado en Barcelona en mayo de 1972*, A Coruña.
- MOURE PENA, T.C. (2003): «O Mosteiro beneditino de San Cibrán de Cálogo na Idade Media», *Aunios* nº7.
- MURGUÍA, M. (1885): *Galicia*, Edicións Xerais de Galicia (reed.1992), Vigo.
- OLMOS, M. A. (2000): «Pobres y pobreza en las Comedias Bárbaras de Valle-Inclán (análisis de una serie simbólica), Dicenda, *Cuadernos de Filología Hispánica*.
- PAZ-ANDRADE, V. (1967 e 1981): *La anunciación de Valle-Inclán*, Akal-Editor, Madrid.
- PEREIRA, D (2002): *O asociacionismo dos pescadores na Galiza de anteguerra*, Ateneu Libertario Ricardo Mella, A Coruña.
- PEREIRA, D. (Coord.) (1992): *Os conquistadores modernos*, Edicións A Nosa Terra, Vigo.
- POLÍN, R. (Ed.) (1996): *Os galegos pintados por si mesmos. A muller tradicional*, Xerais, Caixavigo,.
- PORRÚA, Mª, C: (1983): *La Galicia decimonónica en las Comedias Bárbaras*, Edicións do Castro, Sada, A Coruña.
- RISCO, A. (1991): «La Galicia que nunca existió», *La Voz de Galicia*, Especial 125 años del nacimiento de Valle-Inclán.
- RUBIA BARCIA, J. (1955): *Valle-Inclán y la Literatura Gallega*, Hispanic Institute in The United States, Columbia University.
- SANTOS CASTROVIEJO, I. (1998): «Os séculos XVIII e XIX (ata 1870): Protagonistas e transformacións» en Fernández Casanova, C. (Ed.): *Historia da pesca en Galicia*, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, Biblioteca de divulgación, Serie Galicia.
- SANTOS ZAS, M. (1993): *Tradicionalismo y Literatura en Valle-Inclán*, Society of Spanish and Spanish-American Studies.
- SEIJAS MONTERO, M. (1999): «A realidade evolutiva da renda foral nos prioratos de Vilanova e Carboeiro no século XVIII», *Historia Nova VI e VII*, Asociación Galega de Historiadores, Santiago de Compostela.
- SMITHER, W.J (1986): *El mundo gallego de Valle-Inclán*, Edicións do Castro, Sada, A Coruña.
- VALLE-INCLÁN, Carlos del. (1894): *Escenas Gallegas* (Reedición do Servizo de Publicacións da Asociación «Amigos de Valle-Inclán», Vilanova de Arousa, 2002).
- VALLE-INCLÁN, J e J. (1994): *Entrevistas, conferencias y cartas*. Ramón María del Valle-Inclán, Pre-Textos, Paterna, Valencia.
- VALLEJO POUSADA, R. (2005): *Historia da pesca en Galicia*, pdf.depontevedra.es.ga.
- VILA FARIÑA, X. L (2005): *Historia Municipal de Vilanova de Arousa (1835-1945)*, CD-R. Asociación Roi Vicente, Vilanova de Arousa.

DOCUMENTACIÓN

- Arquivo do Reino de Galicia (A Coruña)
 Arquivo Histórico Provincial (Pontevedra)
 Arquivo Diocesano (Santiago de Compostela)
 Arquivo Municipal (Vilanova de Arousa)




Casa - Museo
Ramón del Valle-Inclán

Rúa Luces de Bohemia
Vilanova de Arousa



CONCELLO DE
VILANOVA DE AROUSA

REPSOL
YPF





Vilanova de Arousa

CUADRANTE

Revista de Estudos Valleinclanianos e Históricos

ISSN 1698-3971



9 771698 397000

P.V.P

5 €